Manuel Rivas (A Coruña, 1957) plasmou a emigración de galegos ao Brasil como un tema secundario na obra xuvenil *Todo ben. Travesía e disfrace de Marcos Andrade* (1985; 2010), a través do protagonista, o xornalista deportivo Marcos Andrade, quen procura o éxito profesional non acadado en Galicia. Amósase a solidariedade dos emigrados, que axudan os que van chegando, e o mantemento de trazos identitarios galegos, como cancións populares ou antropónimos. Marcos Andrade sofre un conflito existencial respecto a Galicia, a terra natal, onde non puido prosperar. A emigración contémplase como o destino do pobo galego, un "pobo de diáspora" (Rivas, 1985: 62), equiparando Galicia a unha Xudea minusvalorada.

Na última década do século XX a emigración representouse como un tipo de fuxida, xa sexa como consecuencia directa dun conflito bélico ou dunha vida persoal traumática.

A trama de *Tristes armas* (1994), de **Marina Mayoral** (Mondoñedo, Lugo, 1942), céntrase no exilio forzoso e prolongado por mor

da Guerra civil española de varios membros dunha familia: no de dúas irmás protagonistas, enviadas como refuxiadas a Rusia, onde realizan migracións interiores para mellorar socialmente; e no da nai, primeiro a Francia e despois a Arxentina. Amósanse da nai a soidade, a dura loita e a resistencia nos campos de refuxiados en Francia, as dificultades económicas nos primeiros anos en Arxentina e o logro dun bo traballo, que lle permite reclamar as fillas sen éxito. Péchase a narración cun novo movemento migratorio, que supón o retorno das emigrantes protagonistas á súa aldea natal e a inmigración a Galicia dos seus fillos, nesta ocasión por decisión propia e con boa posición económica (Fernández Vázquez, 2013).

E na narración xuvenil *Flores negras* (1998), de **Rafael Lema** (Ponte do Porto, A Coruña) represéntase, de maneira transversal, a visión máis negativa da emigración para xustificar a dramática traxectoria da protagonista, quen emigra de Zürich, onde vive cos seus pais, a Galicia, onde está a súa avoa. A súa soidade e abandono, por mor do duro traballo dos seus pais emigrados, lévaa a integrarse nun grupo de narcotraficantes que lidera un rapaz abandonado na pobreza xunto coa súa nai e dous irmáns, polo seu pai, emigrado ao Brasil. A avoa ve a emigración como saída á miseria, e os pais, se ben soportan privacións, nas vacacións poden volver á terra natal e construír unha casa. Cando a protagonista regresa a Zürich atopa un compañeiro que, por non soportar o duro emprego de albanel en Delemont co seu pai, se emprega na hostalaría grazas a un parente emigrado. O retorno a Galicia de toda a familia non resolve a situación de abandono orixinada pola emigración.

No comezo do século XXI séguese a tratar moi pouco a emigración, pois só se achegaron a ela uns poucos autores.

Concha Blanco abordouna de novo en dúas narracións, mantendo o mesmo enfoque da súa produción anterior. Na primeira, para un lectorado infantil, *Quero que veñan meus pais* (2000), amosa a perspectiva de Carlos, un meniño que vive coa súa avoa en Lires, permanentemente angustiado ante a ausencia dos seus pais, emigrados en Romanshor (Suíza) para prosperar. Só pode visitalos nas

vacacións, aínda que está só todo o día mentres traballan e, como sospeita que non van retornar no Nadal, escapa da casa agochado no camión dun veciño que vai vender mobles a Suíza. O descubrimento da súa desaparición remata no reencontro cos pais e o retorno de toda a familia á terra de orixe.

Na segunda narración, *Sara* (2004), para un lectorado xuvenil, representa de maneira máis crúa e emocional o esquecemento e abandono que supón este fenómeno para a protagonista, que rememora a súa infancia coa nai, tras a dura despedida do pai que emigra a Venezuela. En contraste coa nai, que percibe a emigración como un desacougo vital, o pai concíbea como posibilidade de prosperar. De adulta, Sara conserva o rancor ao pai, un rico emigrante que só se acordaba dela en datas sinaladas e non cumpriu a promesa de retornar. Alúdese aos emigrantes que traballan para construír unha patria allea e non poden desenvolver a súa nova vida cando distintos países deciden repatriar os que non teñen familia alí, maioritariamente galegos, que padecen as dificultades de localizar os seus parentes en Galicia. Tamén se reflicte o oprobio de devolver os restos mortais dos emigrados, mediante a notificación que Sara recibe para ir recoller as cinsas do seu pai.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947), un dos autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil galega (Roig, 2008b), representou esta temática, de forma tanxencial, na narración xuvenil *Noite de voraces sombras* (2002), desde o punto de vista do exilio por motivos políticos. A través dunhas cartas atopadas pola protagonista, preséntase a situación de Galicia nos anos anteriores e posteriores á Guerra Civil española. Nelas, o seu finado tío e a súa moza comentan a necesidade de emigrar para fuxir do caciquismo e como única solución ante a persecución política. Nas últimas cartas da moza, que logra emigrar a Bos Aires, aparece a saudade e a imposibilidade do retorno, debido á permanencia do réxime franquista (Roig, 2004b).

Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951), outra das seis chaves da Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI (Roig, 2008a),

alude a este movemento nun dos relatos do volume xuvenil *Lúas de nácara* (2003), "Cita nos xardíns do Sur", no que o protagonista é un emigrante retornado, coñecido como "o arxentino". A súa historia fai referencia á realidade dos emigrantes galegos que se endebedan para marchar, pois o seu avó, emigrado antes ca el, encárgalle que salde as contas da súa viaxe.

Pepe Carballude (A Estrada, Pontevedra, 1956), na novela xuvenil *Paisaxe con fondo gris* (2001), trata este fenómeno a través das alusións do mozo protagonista á emigración do seu avó a Montevideo, a quen considera un heroe aínda que a súa avoa sofría a soidade e o recordo do marido, contando os anos que levaba alí para mellorar a situación familiar e agardando o seu retorno, imposíbel debido á enfermidade que lle custou a vida. O diñeiro que enviaba investiuse no sustento familiar, tras pagar a débeda que contraera co seu cuñado para poder emprender a viaxe. Nesta historia tamén se fai referencia a outros aspectos vinculados co fenómeno da emigración: a construción da escola unitaria de Lamas, grazas á subscrición popular de todos os veciños emigrados na Habana; o retorno dos escritores exiliados en América; e a publicación de libros prohibidos ou novidosos fóra de España, en Montevideo, Arxentina, Suíza ou Portugal. Ademais, menciónase a prosperidade dun crego que entra na milicia, pois tras retornar de África vive mellor ca antes ao acadar gran poder co grao de capitanía; o traslado do protagonista a Compostela para estudar, onde vive na pensión precaria de dona Xulia, comprada cos aforros conseguidos polo seu home desde que emigrara a Alemaña hai máis de vinte anos; e a propia emigración do protagonista a Suíza, durante as vacacións do terceiro ano de carreira, onde traballa de camareiro e asiste a faladoiros sobre a situación política de España, conferencias, mostras de literatura, entre outros actos culturais (Roig, Ruzicka e Ramos, 2012).

Gonzalo Navaza (Lalín, Pontevedra, 1957) achega unha ollada innovadora da emigración, irónica e cómica, na narración xuvenil *Santos e defuntos* (2001), a través da historia dun avogado e da súa nai que cren recoñecer, nun programa televisivo, un tío emigrado no

Brasil. O home, que deixara Galicia había máis de cincuenta anos por un asunto de honra, procuraba a súa familia, amnésico tras un incendio no edificio onde vivía. O programa pon en contacto as familias e á morte do emigrado, tras regresar ao Brasil, o protagonista viaxa para recuperar os seus restos e descobre que suplantara a identidade do seu tío crendo que en Galicia deixara unha herdanza millonaria (Roig, Ruzicka e Ramos, 2012).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) centra a narración infantil *O dromedario nadador* (2005) na ollada dun neno que vive en Galicia cos avós, tras regresar de Alemaña co pai cando este quedou sen traballo, e que lle escribe cartas á nai, aínda empregada naquel país, sen obter resposta. Alúdese á historia dun galego asentado no Canadá que, tres anos despois de guindar botellas ao mar todas as semanas, logra que unha chegue a Galicia e, grazas a un programa televisivo, contacta cun curmán e obtén unha viaxe para coñecer os parentes que aínda tiña en Galicia. Ao ver este desenlace feliz, o protagonista decide seguir procurando contactar coa súa nai, pois non deixa de sentir a súa ausencia.

Teresa Moure (Monforte de Lemos, Lugo, 1969), na narración xuvenil *A casa dos Lucarios* (2007), vincula a emigración, que trata de maneira moi sucinta, coa falta de recursos económicos e co abandono da familia. Faino desde unha dobre óptica: a dun personaxe secundario que marcha a Alemaña coa esperanza de enviar cartos para construír unha casa, pero volta sen nada, polo que emigra, nesa segunda tentativa, a Frankfurt; e a da súa muller, a quen se identifica con "Penélope", pois queda de novo á espera.

María Canosa Blanco (Cee, A Coruña, 1978), só alude a este tema en *O papaventos de Laura* (2011), VIII Premio de Narración Pura e Dora Vázquez de Literatura Infantil e Xuvenil. Se ben a emigración do padriño da protagonista hai moitos anos non é o tema principal da trama, este movemento migratorio si inflúe no proceso de maduración da nena protagonista xa que, cando este visita Galicia para ver a familia, tráelle agasallos e cóntalle da súa nova vida. As vivencias do padriño permítenlle á afillada descubrir a existencia

de países máis prósperos onde é unha rutina facer uso do metro, dos semáforos, dos aeroplanos e dos avións; e soñar con altos edificios e con surcar os mares no veleiro que el quere mercar[8].

Inmigración

A escrita de narracións sobre a inmigración cara a Galicia inicíase cando o sistema literario infantil e xuvenil galego comeza a se asentar. Este atraso respecto ás narracións que abordan a emigración débese probabelmente a que este segundo movemento se xerou historicamente máis tarde en Galicia.

O primeiro autor en achegarse a esta temática foi **Xabier P. Docampo** (Rábade, Lugo, 1946), outra das seis chaves da Literatura Infantil e Xuvenil galega no século XXI (Roig, 2008a), en *A chave das noces* (1987), a primeira novela negra para o lectorado mozo. Nela trátase a inmigración de forma tanxencial na trama, a partir dun encargo que solicita un detective a un cativo portugués, que vende panos de papel nun semáforo; o que lle permite descubrir a situación de inmigrantes da súa familia, causada polas ameazas e maltrato do pai á nai e á irmá, polo que se atopa só na cidade procurando a súa irmá. Critícase a dureza da situación que obriga a familia a abandonar o seu país, pero tamén as dificultades que trae consigo a vida do inmigrante, até o punto de ser vítima de asasinato ou de explotación sexual das mulleres que chegan a España sen documentación e nunha situación miserenta, como lle acontece á irmá menor de idade do cativo, despois de perder un fillo por inanición.

8. Ás narracións comentadas cabe engadir o conto "A cidade dos soños incumpridos", de Roque Cameselle Capón, galardoado cun accésit no XVIII Premio Ourense de Contos para a Mocidade 2001 e que viu a luz no volume colectivo *Chungungo e catro contos máis* (2002). Nel un narrador en terceira persoa lembra as vivencias do seu avó, quen emigrara de mozo a Manaos (Brasil). Describe a súa partida, a vida no país de destino vendendo café, o seu retorno a Galicia sen cumprir os seus soños, o reencontro coa familia da moza e a petición do seu sogro para que lle axude a fuxir a Bos Aires.

Dez anos máis tarde, o matrimonio de mestres composto por **Xoán Babarro** (Calvelo de Zorella, Maceda, Ourense, 1947) e **Ana María Fernández** (Palma de Mallorca, 1949) representaron este tema na narración infantil *E un día chegou Miroslav* (1997) desde antes da chegada dun neno inmigrante serbocroata á casa en Galicia dunha amiga da súa nai, para que esta poida viaxar a Bosnia nesas vacacións do verán para visitar os familiares que permanecen alí durante o conflito armado. Reflicten os celos do neno da familia de acollida, as habilidades do refuxiado para sobrevivir e a amizade que nace entre os rapaces tras falar das súas culturas, até tal punto que o neno galego aceptaría gustoso que o inmigrante vivese sempre coa súa familia. Menciónase tamén unha inmigración "por aventura", a emprendida, hai tanto tempo, por un pescador, para poder pescar en todo o mundo, que case non lembra a súa terra de orixe e se sente "estranxeiro" (Fernández Vázquez e León Viloria, 2011).

Ese mesmo ano 1997 tamén viu a luz *Cara a un lugar sen nome*, un volume de relatos infantís da autoría de **Antonio García Teijeiro** (Vigo, 1952), outro dos autores clásicos contemporáneos da Literatura Infantil e Xuvenil galega (Roig, 2009). Este movemento migratorio represéntase sobre todo en "A cidade escura", a historia de Tralaponte desde que os seus habitantes expulsaron "un grupo de africanos, vendedores honrados que se estableceran na Plaza Maior" até que recupera a súa cor grazas ao papel activo de dous nenos amigos, Román e Ahmed; e en "O señor do violín", onde un vello inmigrante bohemio, un "outsider" procedente do leste de Europa, pasa desapercibido para os habitantes, pese á calidade da súa interpretación musical, agás para unha nena (Roig e Sixto, 2006).

No derradeiro ano do século XX, **Agustín Fernández Paz** explica o fenómeno da inmigración, equiparando os movementos migratorios dos merlos cos das persoas, na narración infantil *O soño do merlo branco* (2000) onde se centra na relación entre a protagonista, unha femia de merlo, e unha rapaza negra, A Nena Negra, quen vive no extrarradio cos seus pais, que traballan todo o día. Amósase a difícil contorna na que se atopan os inmigrantes, posto que a Nena só se

relaciona co merlo, e o Home Negro (o seu pai) traballa na construción rodeado de compañeiros que o miran de xeito hostil.

Nos primeiros doce anos do século XXI aumentou o número de narracións que representan a inmigración cara a Galicia. Atendendo á data de publicación das obras e ao nacemento dos seus autores, cabe resaltar que a primeira publicada no século XXI é obra dun inmigrante, unha casualidade semellante á apuntada respecto ás narracións sobre a emigración, a primeira das cales foi da autoría dun emigrante, Xosé Neira Vilas.

O seu autor, **Víctor Omgbá** (Nkongsamba, Camerún, 1967), conta, na narración xuvenil *Calella sen saída: o dilema dun inmigrante* (2001)[9], a dura historia dun inmigrante africano que chega a España para rematar a súa formación de xurista pero que, ao non conseguir regularizar a súa situación, convértese nun inmigrante ilegal que vive nun piso en pésimas condicións con outros inmigrantes en situacións parecidas. Coa súa historia abórdanse as trabas burocráticas, a dificultade para conseguir traballo, a explotación e o desamparo do inmigrante. Incítase ao debate sobre o racismo, as políticas de inmigración que tentan controlar a entrada pero non a situación dos inmigrados, e as diferentes condicións dos inmigrantes con poder económico ou sen el. Alúdese á inocencia dos inmigrantes, que chegan coa idea dunha Europa "rica" fronte á miseria africana. Trátase, ademais, a necesidade de que se produza unha evolución nos países africanos, asolagados pola guerra, a tiranía e a fame, como causas detonantes para a inmigración.

Ao ano seguinte, publicáronse dúas narracións nas que a acollida que teñen os inmigrantes en Galicia se amosa de forma ben distinta.

Na primeira, **Paco Martín** (Recatelo, Lugo, 1940), unha das seis chaves da Literatura Infantil e Xuvenil galega (Roig, 2008a) e un dos

9. Cabe matizar que se considera unha obra en lingua galega, á vista dos paratextos editoriais e da falta de indicación de que sexa unha tradución na ficha bibliográfica da terceira reimpresión en novembro de 2011 nos catálogos da Editorial Galaxia, por máis que Campos Villar (2005: 128-129) afirmase que a transvasara ao galego Ramón Loureiro, como constaba nos catálogos da editorial viguesa.

autores que contribuíron ao asentamento deste polisistema literario (Roig, 2010), abordouna como tema central do primeiro relato do volume xuvenil *Auga para encher un cesto* (2002), "Gombó", onde un narrador omnisciente conta a difícil peregrinación dun africano até instalarse en Galicia grazas a uns portugueses. Alí axúdao unha muller que quere adoptalo, como fixera con outros inmigrantes, se ben ansía reencontrarse coa súa irmá maior, que vive en Bilbao co seu home, e trasladarse máis ao norte de Europa, onde "segundo algúns lle din, as posibilidades de medro son moitas máis" para enviar cartos ás irmás menores que seguen cos pais na súa mísera aldea (Roig, 2003).

Pola contra, **Francisco Fernández Naval** (Ourense, 1956), na novela xuvenil *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002), reflicte que o detective Suso Espada, co gallo de atopar os responsábeis do roubo do Santo Grial, descobre inesperadamente un negocio de venda de inmigrantes (algúns ecuatorianos, pero sobre todo do Magreb), anónimos e sen papeis, que son secuestrados, cargados en colectores e embarcados no porto de Marín para ser vendidos a empresarios sen escrúpulos, que os obrigan a traballar como escravos ao servizo de multinacionais. O roubo do Grial e de diversas reliquias relixiosas do Camiño de Santiago, símbolo da expulsión dos mouros no tempo da Reconquista, pon de relevo, de xeito marxinal, a caducidade dos prexuízos racistas e xenófobos desta explotación escravista.

Agustín Fernández Paz representou esta temática en dúas narracións infantís. Na primeira, *O meu nome é Skywalker* (2003), Premio O Barco de Vapor 2003, o inmigrante está representado por Skywalker, un home que se dedica a pedir diante dun supermercado, e co que a protagonista estabelece unha relación de amizade. A través deste personaxe trátanse cuestións como a miseria, a mendicidade, a morriña e a compaixón. As reaccións dos personaxes ante Skywalker serven para mostrar distintas actitudes cara aos inmigrantes nos países receptores, desde a mágoa até o rexeitamento, se ben o fenómeno migratorio se trata de forma transversal (Roig, 2004b; Agrelo, 2013a).

E na segunda, *Lúa do Senegal* (2009)[10], Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil do ano 2010 e Premio de Literatura Infanto-Xuvenil AELG-GÁLIX 2010, aborda este movemento dunha forma central na trama, mostrando tanto o desarraigamento e a intensa tristura coma o optimismo, respecto e enriquecemento de culturas e linguas. Narra o traslado a Vigo, desde Zinguichor (Senegal), dunha nena, a súa nai e a súa irmá para se reunir co pai, inmigrado para traballar. Á súa chegada, a nena sente que non pertence a ningún lugar e converte a Lúa no elo de unión entre o mundo que coñecía e a novas realidades, intuindo que terá dificultades para comezar o curso escolar. O máis salientábel é a representación da temática só desde a intimidade da protagonista, quen sofre en silencio o seu cambio de vida e bota man da "súa gran capacidade de comprensión, imaxinación e ser unha extraordinaria contadora de historias tal e como fora a súa avoa Feriane" (Agrelo, 2013a e 2013b), para se adaptar ao seu devir cotián na cidade de destino.

Fina Casalderrey representa a inmigración, na obra infantil *A lagoa das nenas mudas* (2006), desde a ollada dunha rapaza que chega a unha escola. O fenómeno migratorio ten unha importancia fundamental, pois o relato da súa dificultosa integración na aula aparece intercalado coas cartas que envía a Lagos, a súa terra natal, nas que menciona a necesidade dun permiso de residencia, a morriña, ou as malas condicións nas que vivía en África, que empurraron a súa nai a emigrar. Na relación cos seus compañeiros, amósanse os prexuízos contra o inmigrante, baseados en ideas estereotipadas contra os africanos, así como a curiosidade polas súas diferenzas.

Do mesmo xeito, **Fran Alonso** (Vigo, 1963), na obra xuvenil *Cartas de amor* (2006), trata a inmigración en dúas cartas, "Ilegal" e "Lonxe". Na primeira, escrita por unha inmigrante senegalesa, ná-

10. Que tivo unha primeira versión no relato "A lúa do Senegal", publicado no ano 2007 no volume colectivo *O son das buguinas*, ilustrado por Xulia Barros e realizado a partir do labor da ONG "Implicadas/os no desenvolvemento", co obxectivo facer chegar ao norte a pobreza dos países do sur e os problemas xurdidos por causa do tsunami do 26 de decembro de 2004.

rranse a miseria que a obrigou a emigrar co seu marido, as malas condicións para saír do país e a dura vida que atopan en Europa, a mala acollida, a solidariedade doutros inmigrantes, o medo á policía e o desexo de volver a Senegal. Na última, "Lonxe", escrita por unha inmigrante uruguaia que vive en Galicia, abórdanse os motivos para a emigración, as malas condicións de vida, as dificultades para emigrar porque deben cambiar a súa casa por dous billetes de avión, e a difícil situación que atopan ao chegar. Céntrase no conflito existencial do inmigrante, posto que a protagonista se atopa illada, incapaz de estabelecer relacións con persoas que non sexan uruguaias por mor da morriña, e está a sufrir unha crise de identidade. Estas dúas cartas ofrecen a visión do "outro" inmigrante, que se sente marxinado nunha contorna hostil.

Xerardo Méndez (Colón, Panamá, 1964), na novela xuvenil *Que cara trae o día,* aborda o tema de modo moi superfluo, cando o protagonista entra no cárcere e dá cun home coñecido como o "Francés" que abusa sexualmente del e dos compañeiros, sobre todo dun rapaz chamado Ahmed. Esta situación reflicte o estereotipo de herdanza naturalista que se basea na preponderancia do europeo do norte sobre outras nacionalidades estigmatizadas. Este home, chamado en realidade Robert Frankenheimer, remata asasinado polo protagonista. Así mesmo, alúdese minimamente á emigración a través dos alcumes dalgúns rapaces e da referencia a un ferreiro, dividido entre o bo vivir francés e a saudade da terra, e a dous compañeiros do protagonista, destinados a Ceuta para faceren o servizo militar.

Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, A Coruña, 1976) abordou esta temática na novela xuvenil *Ás de bolboreta* (2009), Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil 2009 para explicar o compañeirismo e a amizade que xorden na cafetería Luzada entre galegos e inmigrantes, como Manuel, un neno africano adoptado por unha galega e que, á morte desta, interroga o avó sobre a súa orixe; Isqal, un mozo paquistaní emigrado a Londres, de onde foxe a Galicia por mor dos atentados no metro en 2005 e da insistencia do seu pai en que os británicos o ven como un estranxeiro,

"outro", que lles vai roubar un posto de traballo, se ben pertence á "segunda xeración" da familia que vive no país e deberá demostrar que non é terrorista; Aysel, unha moza kurda impotente ante a falta de axuda da comunidade internacional á súa poboación, que sofre a represión do goberno turco; Mohamed, un mozo de Damasco quen emigrou para estudar Medicina a Galicia, onde se asentou traballando como cociñeiro nun restaurante propio e dedica o tempo libre a rezar pola familia, que segue no país de orixe; Ana, unha bonaerense teleoperadora consciente que a contrataron "por pertencer ao sector máis feble da sociedade activa", xa que así a empresa logra "amarrar a subvención"; e dous nixerianos que, desde a nenez, tentan ascender o monte Gurugú, atravesar o deserto e sortear o valado da fronteira de Melilla para reunirse en Galicia coa súa tía (Soto, 2010).

Finalmente, **Mar Guerra** (Madrid, 1963), na narración infantil *Señor Meco* (2012), plasma a vida do inmigrante congoleño a través da figura de Mkono, o "señor Meco". A súa relación de amizade cuns xemelgos amosa a realidade do inmigrante: o traballo na venda ambulante, a explotación, o rexeitamento e as malas condicións nas que vive, temendo a expulsión. Emigra porque a súa familia foi decimada pola enfermidade e a guerra. A obra inclúe unha crítica das imaxes estereotipadas e incorrectas sobre os africanos[11].

11. Ás obras comentadas cabe sumar outras achegas infantís, nas que se incide na boa acollida que teñen os inmigrantes en Galicia, caso do álbum *A banda de Vilacendoi* (2006), de Xulio Gayoso Neira (Lugo, 1954), onde a chegada de inmigrantes africanos, "cargados de lembranzas e saudades, pero tamén de ilusións", soluciona o problema de despoboamento da aldea e permite recuperar a banda de música; e de dous relatos publicados no volume colectivo *Contos sen fronteiras* (2007): "O Cágado e o Lagarto", de Eva Mejuto (Sanxenxo, Pontevedra, 1975), no que se recollen as vivencias sobre o pasado dunha nena mozambicana, que comparte cunha amiga galega; e "O meu amigo Ash", de Oli (Xosé Manuel González, 1961), onde se conta a chegada a Galicia dun neno senegalés coa súa familia, desde a perspectiva dun compañeiro da escola, testemuña dos acontecementos. Acólleos unha galega emigrada a Suíza anos atrás, pese á incomprensión de parte dos veciños. O neno vaise integrando na escola, aprende axiña o galego e descobre o Entroido e os agasallos na noite de Reis, mentres os seus compañeiros coñecen palabras da súa lingua e a lenda da creación do home branco e do home negro.

Á vista do comentario e análise realizados das narración infantís e xuvenís publicadas en lingua galega desde os anos sesenta do século XX e na primeira ducia de anos transcorridos do século XXI, cabe propoñer unha tipoloxía desta produción:

–*Narracións causativas*: aquelas que sinalan o detonante dos movementos migratorios, maioritariamente a necesidade de saír da pobreza no país de orixe, se ben tamén inflúen condicionamentos persoais, sociais, políticos e conflitos bélicos.

–*Narracións focais*: aquelas nas que a representación dos movementos migratorios se enfoca desde a figura do emigrante/inmigrante, a súa familia e o seu núcleo máis próximo, alternando o desenvolvemento da historia entre o país de orixe e o país de acollida, pero amosando tamén as dificultades de adaptación e as posibilidades de retorno.

–*Narracións resultativas*: aquelas nas que as consecuencias directas e indirectas dos movementos migratorios amosan un cambio no emigrado/inmigrado e na súa contorna, abrindo, así mesmo, un debate sobre as repercusións que poden ter nas sociedades de orixe e destino.

Conclusións

A representación dos movementos migratorios na Literatura Infantil e Xuvenil galega non constitúe un tema recorrente e central o que explica a falta de atención por parte da crítica.

A temática da emigración comezou a tratarse de xeito simultáneo ao fenómeno social coa obra de Neira Vilas; non obstante, non se retomaría até as últimas décadas do século XX, tal vez por ser concibido coma unha problemática tabú. A partir do século XX trátano só uns poucos autores, algúns dos que contribuíron á configuración e asentamento da literatura infantil e xuvenil galega, maioritariamente desde a perspectiva negativa do non emigrado, visión que se mantén no século XXI, se ben se introducen, de maneira illada, aspectos anovadores.

Nas obras publicadas en ambos os dous séculos, represéntase a emigración cara a certos países europeos (Suíza e Alemaña) e americanos (Arxentina, Venezuela, Uruguai e o Brasil). Amósase unha dobre face referida aos aspectos positivos e negativos da emigración: por unha banda, considérase unha vía para a prosperidade económica, a liberdade política e cultural, e preséntase a solidariedade dos emigrados entre si e mais cos non emigrados; e por outra, aparece a dureza da vida do emigrado, que implica a separación do núcleo familiar e a soidade da nenez e das figuras femininas, que deben soportar o peso da ausencia que supón o abandono e mesmo a morte no país de destino.

Nas obras publicadas no século XX aparecen como feitos desencadeantes da emigración os problemas económicos, a persecución política (a raíz da Guerra Civil española) e as obrigacións sociais (o servizo militar), causas que se retoman na produción dos doce primeiros anos do século XXI. Esta produción, se ben continúa internándose nos mesmos temas, introduce novidades como o obrigado retorno á terra natal, a perspectiva de xénero, a ironía e a comicidade, máis un afondamento nos motivos do exilio político, e a inserción dun "outro" silencioso, a través do emigrado que non responde á familia que fica no país de orixe.

A inmigración aparece tamén nas obras literarias coincidindo co fenómeno social, malia ser moito máis abundante nas obras do século XXI. Estas obras ofrecen un claro predominio da visión negativa da situación do inmigrante.

Esta temática, como acontece coa emigración, trátase desde unha dobre perspectiva, aínda que se resaltan os aspectos negativos do abuso do inmigrante, a explotación, o illamento, a humillación e os prexuízos sobre os trazos positivos, como a axuda entre inmigrantes ou o enriquecemento cultural. As obras ofrecen unha visión do "outro", tanto do inmigrante coma do galego, moitas veces estereotipada, que nalgunhas ocasións se pon en dúbida. A procedencia dos inmigrantes é maioritariamente africana, tanto nas obras do século XX coma nas do XXI, aínda que tamén se alude á inmigración americana, portuguesa e da Europa do leste.

Bibliografía

Bibliografía primaria

Alonso, Fran (2006), *Cartas de amor*, Vigo: Xerais.

Aneiros, Rosa (2009), *Ás de bolboretas*, Vigo: Xerais/Fundación Caixa Galicia.

Babarro, Xoán e Ana María **Fernández** (1997), *E un día chegou Miroslav*, Vigo: Alfaguara/Obradoiro.

Blanco Blanco, Concha (1981), *Contos prá escola*, il. Xosé Díaz, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

— (1984), *Cousiñas prá escola*, il. Karawane, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

— (1989), *¿Andrómenas?*, il. Julio Gutiérrez Más, Vigo: SM.

— (1997), *O aniversario de Ana*, il. Elsa Liliana Vázquez, Vigo: Alfaguara/Obradoiro.

— (2000), *Quero que veñan meus pais*, il. Marisa Irimia, Barcelona: Casals.

— (2004), *Sara*, A Coruña: Casals.

Canosa Blanco, María (2011), *O papaventos de Laura*, il. Daniel Iglesias Padrón, Ourense: Deputación de Ourense.

Carballude, Pepe (2001), *Paisaxe con fondo gris*, Vigo: Galaxia.

Casalderrey, Fina (2003), *Lúas de nácara*, Vigo: Xerais.

— (2006), *A lagoa das nenas mudas*, il. Patricia Castelao, Vigo: Xerais.

Docampo, Xabier P. (1987), *A chave das noces*, il. J. Gimeno Peón, A Coruña: Vía Láctea.

Fernández Naval, Francisco (2002), *Suso Espada. O misterio do Grial*, il. Beatriz García Trillo, A Coruña: Everest Galicia.

Fernández Paz, Agustín (2000), *O soño do merlo branco*, il. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia.
— (2003), *O meu nome é Skywalker*, il. Juan Ramón Alonso, Madrid: SM.
— (2004), *Noite de voraces sombras*, Vigo: Xerais.
— (2009), *Lúa do Senegal*, il. Marina Seoane, Vigo: Xerais.

Frías Conde, Xavier, Eva **Mejuto**, **Oli** e Antonio **Yáñez Casal** (2007), *Contos sen fronteiras*, il. Patricia Castelao, Santiago: Xunta de Galicia/Federación de Libreiros de Galicia/GÁLIX.

García Teijeiro, Antonio (1997), *Cara a un lugar sen nome*, il. Enjamio, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Gayoso, Xulio (2006), *A Banda de Vilacendoi*, il. do autor, Pontevedra: Kalandraka.

Guerra, Mar (2012), *Señor Meco*, il. Evaristo Pereira, Vigo: Xerais.

Lema, Rafael (1998), *Flores negras*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

López Rodríguez, Xabier (2005), *O dromedario nadador*, il. Javi Montes, Santiago de Compostela: Alfaguara/Obradoiro.

Martín, Paco (2002), *Auga para encher un cesto*, Zaragoza: Editorial Luís Vives/Tambre.

Méndez, Xerardo (2010), *Que cara trae o día*, limiar Francisco X. Fernández Naval, Noia: Editorial Toxosoutos.

Moure, Teresa (2007), *A casa dos Lucarios*, Vigo: Xerais.

Navaza, Gonzalo (2001), *Santos e defuntos*, il. Ramón Trigo, Vigo: Xerais.

Neira Vilas, Xosé (1961, 1968), *Memorias dun neno labrego,* Bos Aires: Follas Novas; il. Isaac Díaz Pardo, pról. Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

— (1971), *Cartas a Lelo*, il. Luís Seoane, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro.

— (1977), *Aqueles anos do Moncho*, Madrid: Akal.

— (1978), *O ciclo do neno (Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos do Moncho)*, pról. Xesús Alonso Montero, Madrid: Akal.

Omgbá, Víctor (2001), *Calella sen saída: o dilema dun inmigrante*, Vigo: Galaxia.

Rivas, Manuel (1985, 2010), *Todo ben: Travesía e disfrace de Marcos Andrade*, pról. Xavier Seoane R., Vigo: Xerais; *Todo ben*, Vigo: Xerais.

VV.AA. (2007), *O son das buguinas*, il. Xulia Barros, Vigo: Xerais/"Implicadas/os no desenvolvemento".

Bibliografía secundaria

Agrelo Costas, Eulalia (2013a), "Dúas metáforas contra a invisibilidade: *O meu nome é Skywalker* e *Fantasmas de luz*, de Agustín Fernández Paz", en Sandra Álvarez Ledo, Mª del Carmen Ferreira Boo e Marta Neira Rodríguez (eds.), *De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura*, Madrid: CEU Ediciones, p. 183 (libro); pp. 7-18 (CD).

— (2013b), "Unha experiencia migratoria: Memoria e futuro en *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz", en Felipe Andrés Aliaga Sáez (ed.), *Cultura y Migraciones. Enfoques multidisciplinarios*, Santiago de Compostela: SPIC. USC, ebook, pp. 61-76.

Attridge, Derek (1999), "Innovation, Literature, Ethics: Relating to the Other", *PMLA* 114.1, pp. 20-31.

Campos Villar, Xavier (2003), "Inmigrantes e refuxiados na narrativa galega infantil e xuvenil", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, nº 6, pp. 33-39.

— (2005), "A figura do inmigrante e do refuxiado na narrativa infantil e xuvenil galega", en Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García, *Mundos en conflicto: Representación de ideologías, enfrentamientos sociales y guerras en la literatura infantil y juvenil*, Vigo: UVigo, pp. 121-135.

Díaz Armas, Jesús (2011), "Los estudios sobre la visión del otro en la Literatura Infantil y Juvenil en el marco ibérico", en Izaro Arroita & Mari Jose Olaziregi & Itziar Zubizarreta (eds.), *El Libro Infantil y Juvenill desde la diversidad cultural/Haur eta Gazte Liburua kultura aniztasunean*, Donostia: Galtzagorri Elkartea&Erein Argitaletxea, pp. 31-49.

Fernández Vázquez, Mar (2013), "Marina Mayoral como autora intérprete de la Guerra Civil española en su narrativa juvenil en gallego", en Felipe Andrés Aliaga Sáez (ed.), *Cultura y Migraciones. Enfoques multidisciplinarios*, Santiago de Compostela: SPIC. USC, ebook, pp. 185-194.

García Álvarez, Manuel Rubén (1975), *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media*, Santiago de Compostela: Pico Sacro, vol. I. Demografía.

León Viloria, Esther de e Mar **Fernández Vázquez** (2011), "La interculturalidad en la Literatura Infantil y Juvenil gallega", en Izaro Arroita & Mari Jose Olaziregi & Itziar Zubizarreta (eds.), *El Libro Infantil y Juvenil desde la diversidad cultural/Haur eta Gazte Liburua kultura aniztasunean*, Donostia: Galtzagorri Elkartea&Erein Argitaletxea, pp. 64-76 do CD.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.) (1996-2011), *Informe de Literatura*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CD-ROM e http://www.cirp.es/rec2/informes/).

— (2002), "La Literatura Infantil y Juvenil en Galicia"/"A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia", en Darío Villanueva Prieto e Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*, A Coruña: Hércules Ediciones, Vol. XXXIV, cap. 8, pp. 382-501.

— (2003), "*Auga para encher un cesto*, de Paco Martín", en *Revista Galega do Ensino*, "O pracer de ler", "Literatura infantil e xuvenil", nº 38, febreiro, p. 197.

— e María Jesús **Agra Pardiñas** (coords.) (2004), *A memoria das guerras na Literatura Infantil e Xuvenil en Lingua Galega. Antoloxía*, Vigo: Xerais.

— (2004a), "*Noite de voraces sombras*, de Agustín Fernández Paz", en *Revista Galega do Ensino*, "O pracer de ler", "Literatura infantil e xuvenil", nº 42, febreiro 2004, pp. 161-162.

— (2004b), "*O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz", en *Revista Galega do Ensino*, "O pracer de ler", "Literatura infantil e xuvenil", nº 43, maio 2004, p. 215.

— e Teresa **Sixto Rey** (2006), "*Cara a un lugar sen nome*, de Antonio García Teijeiro", en Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.), *Multiculticulturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil*, Vigo: Xerais, pp. 147-159.

—, María Jesús **Agra Pardiñas**, Isabel **Mociño González**, Marta **Neira Rodríguez** e Teresa **Sixto** (2007), "Produción canonizada na literatura infantil e xuvenil galega (1960-1985)", en Blanca-Ana Roig Rechou e José Antónico Gómes (coords.), *Grandes Autores para Pequenos Leitores. Literatura para a infância e a juventude: Elementos para a construção de um cânone*, Porto: Deriva Editores, pp. 53-94.

— (2008a), *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, il. Xosé Cobas Gómez, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española

de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/ Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Cultura e Deporte). Tamén na súa páxina en liña http://webspersoais.usc.es/persoais/blanca.roig/ (apartado "Publicacións para a rede").

— (2008b), "Agustín Fernández Paz: Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil", en *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, nº 16 (II série), Porto: Porto Editora, pp. 8-12.

— (2008c), "*Memorias dun neno labrego* y la obra de Xosé Neira Vilas", en Ana Pelegrín, Mª Victoria Sotomayor, Alberto Urdiales (eds.), *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte (Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones), pp. 155-167.

— (2009), "Antonio García Teijeiro. Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil galega", en *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, nº 17 (II série), Porto: Porto Editora, pp. 13-17.

— (2010), "Paco Martín e Ramón Lamote Miñato", en *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infância e a juventude)*, nº 20 (II série), Porto: Porto Editora, pp. 15-19.

— (2012), "La guerra civil española aludida y recordada. Obras de fronteras, ambivalentes, *crossover*", en Rui Ramos e Ana Fernández Mosquera (eds.), *Literatura Infantil y Juvenil y diversidad cultural*, Vigo/Braga: ANILIJ/ELOS/ Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho), col. Estudos.02, pp. 529-548. CD-Rom/E-book.

—, Veljka **Ruzicka Kenfel** e Ana Margarida **Ramos** (eds.) (2012), *La Guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*, Porto/ Santiago de Compostela: Tropelias&Companhia/ SPIC, USC, col. "Percursos da Literatura Infantojuvenil", nº 8.

— (2013), "Educación literaria, historia literaria e Literatura Infantil e Xuvenil", en Maria Madalena Marcos Teixeira da Silva e

Isabel Mociño González (coords.), *Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária*, Porto: Deriva Editores, pp. 12-31.

— (coord.) (2014), *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, Vigo: Xerais [en prensa].

Sixirei Paredes, Carlos (1988), *A emigración*, Vigo: Galaxia.

Soto López, Mª Isabel (2010), "*Ás de bolboreta*", en *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, nº 20 (II série), pp. 80-81.

3.4. A temática migratória na narrativa para a infância e juventude portuguesa

Ana Margarida Ramos
(CIDTFF. Universidade de Aveiro)

Resumo: Este estudo pretende identificar narrativas infantis e juvenis portuguesas que tratam a questão da migração, analisando os diferentes tipos de deslocações recriadas, as suas motivações e os percursos realizados. Haverá uma atenção especial sobre a emigração/imigração, uma vez que tanto os portugueses se deslocam para o exterior, como os estrangeiros entram em Portugal, bem como sobre a questão da descolonização e dos "retornados" que regressaram a Portugal oriundos dos países africanos independentes. A variedade de perspetivas apresentadas e a tendência para recriar eventos históricos a partir de um ponto de vista pessoal, muitas vezes infantil ou adolescente, cruzam-se com a recuperação de memórias de sofrimento e de múltiplas perdas, e ajudam a perceber a complexidade do tema.

Palavras-chave: descolonização, diáspora, emigração, imigração, literatura infantojuvenil.

Abstract: This text aims to collate a set of children's and young adult narratives which deal with the issue of migration in Portuguese children's literature by identifying different types of journey, what motivated them and where they took place. There will be a special focus on migration – both Portuguese people moving out of and foreigners moving into Portugal – as well as the issue of decolonisation and the so-called "retornados" who returned to Portugal from the Portuguese speaking African nations which had gained their inde-

pendence. The range of perspectives presented and the tendency to recreate historic events from an personal point of view, very often from a child's perspective, intersect with retrieved memories and the articulation of suffering and multiple losses, and help to understand the complexity of this subject.

Keywords: Children's and Young Adult Literature, decolonisation, diaspora, emigration, immigration.

Introdução

Este texto recupera, com ligeiras adaptações de conteúdo e de registo, mais adequadas ao novo contexto, além da introdução de mais algumas obras, a reflexão realizada a propósito deste tema publicada, em língua inglesa, na *New Review of Children's Literature and Librarianship* com o título "Crossing Borders: Migrations in Portuguese Contemporary Children's Literature" (Ramos, 2014). Tratou-se de um publicação resultante de uma apresentação num congresso internacional onde a questão da diáspora e da viagem foram temas centrais em algumas mesas e debates. A relevância do tema no contexto cultural português, claramente diferenciado de outras realidades, incluindo europeias, motivou a identificação de um conjunto de obras marcantes sobre o tema, seguindo-se a respetiva análise, tendo em conta as diferentes perspetivas migratórias nelas plasmadas e/ou revisitadas.

A História de Portugal, pelo menos desde há quase 600 anos, está repleta de fenómenos migratórios, de motivação diversa e com objetivos muito distintos. Desde o processo expansionista, associado às grandes viagens e descobertas ultramarinas a partir dos séculos XV e XVI, à atual nova vaga de emigração jovem e qualificada, face à crise económica europeia e à elevada taxa de desemprego, passando pelas fugas da pobreza, da ditadura e da censura, e das duras condições de vida durante a vigência do Estado-Novo (1926-1974), incluindo a

Guerra Colonial, Portugal surge literal e simbolicamente como porto de partida para múltiplas gerações. A literatura canónica recria assiduamente estas e outras viagens, dando conta de diferentes experiências de migração e da forma como são vividas. Muito sucintamente, destaque-se o caso do escritor José Rodrigues Miguéis, cuja obra reflete diferentes visões da emigração portuguesa, ele próprio um exilado político nos Estados Unidos da América desde 1935, local onde viria a falecer. O seu contacto com a comunidade portuguesa imigrante nos EUA inspirou vários textos, tendo um deles sido alvo de reedição para o universo infantil. *Arroz do Céu*, inicialmente publicado na coletânea de contos *Gente da Terceira Classe* (Editorial Estúdios Cor, 1962), foi posterior e autonomamente publicado, em 1993, pela Contexto Editora, com ilustrações de João Botelho. Narra a vida de um imigrante estónio ou lituano em Nova Iorque e a forma como este, apesar de todas as limitações e constrangimentos, consegue superar as dificuldades e descobrir a magia da existência nas pequenas coisas do quotidiano. Destaque-se que este livro, pelas suas qualidades narrativas e temáticas, já integrou as listas de obras de leitura obrigatória em Portugal para o 3º ciclo do Ensino Básico. No caso da literatura para a infância portuguesa, o tema também não está ausente, mesmo se não é tratado com a mesma assiduidade ou profundidade, como teremos oportunidade de analisar.

Aproximações ao tema das migrações na LIJ: teorias e perspetivas

Nos últimos anos, em resultado da atenção crescente sobre os fenómenos migratórios e sobre o seu impacto social, mas também cultural e mais especificamente literário, têm-se sucedido, sobretudo no contexto ocidental, os estudos sobre as suas representações na literatura para a infância. De cariz mais literário ou pedagógico, associados, por exemplo, ao conhecimento da realidade da imigração ou à facilitação da integração de comunidades imigrantes, os estudos recaem sobre as representações das imigrações e dos imigrantes (Ste-

phens, 1990; Brown, 2011; Cummins, 2012), analisando a forma como a questão da raça, do género ou da classe afeta essas imagens (Lowery, 2000; Clifford & Kalyanpur, 2011) de modo a promover, nomeadamente entre os professores e os alunos, uma melhor compreensão das especificidades e das dificuldades dos processos de integração de imigrantes. Outra linha de investigação possível é a adotada na esfera dos estudos sociais, procurando analisar a experiência de imigração e, em alguns casos, proceder à sua validação em contexto escolar (Lamme *et al*, 2004: 123).

Mais centrado no contexto europeu, onde o tema tem marcado as últimas duas décadas, veio a lume um volume monográfico *Literatura que acoge: inmigración y lectura de albumes* (Colomer e Fittipaldi, 2012) que documenta o trabalho desenvolvido por um projeto de investigação sedeado em Barcelona que estuda o uso de álbuns com vista à promoção da integração de alunos imigrantes no universo escolar daquela região espanhola. Este trabalho parte do pressuposto de que a leitura, em particular a de álbuns, é um excelente ponto de partida para o diálogo entre alunos oriundos de diferentes origens, línguas e culturas.

Recriação literária da experiência migratória portuguesa: emigração na LIJ

No contexto português, António Mota é, possivelmente, o autor que mais assiduamente revisita e recria os universos da emigração, seja ela interna, associada ao êxodo rural e à fuga para as grandes cidades do litoral português, seja externa, tendo como destino o Brasil, França ou o Canadá, como, aliás, já deu conta Isabel Vila-Maior no levantamento e análise do motivo da emigração nos romances do autor publicados até 1998:

> La plupart de ces romans représente précisément les bouleversements provoqués dans un univers à prédominance rurale par l'émigration à destination des villes ou de l'étranger (d'abord la France, plus tard le Luxembourg, la Suisse

ou l'Allemagne), au travers du regard de garçons ou de filles d'une douzaine d'années, fréquentant l'école préparatoire (Vila-Maior, 2003: s/p).

A obra deste autor alude a fugas de universos oprimentes, seja pela pobreza, seja pela inexistência de possibilidades de continuação de estudos, emprego ou simplesmente de êxito pessoal. A possibilidade de partida surge, no imaginário das personagens, como um sonho cuja realização se deseja concretizar. Terminada a escolaridade inicial, os protagonistas, sem outras perspetivas, partem para os centros urbanos, começando a trabalhar ou continuando estudos. Pedro, o herói de *Pedro Alecrim* (1988), parte para Vila Nova de Gaia, para trabalhar num café, na companhia do irmão que já deixara a aldeia. É o que acontece também ao protagonista de *O Agosto que nunca esqueci* (1998), David, que, no final do romance, parte, cheio de sonhos e projetos, mas também muitos receios, na camioneta que o levará ao Porto. É este, igualmente, o destino de Henriquinho, o herói de *A Terra do Anjo Azul* (1994). Em *Ninguém perguntou por mim* (2008), Abílio parte para Lisboa, para junto do tio Sebastião, que por lá lhe arranjara trabalho. Antes dele, Ana Teresa, a sua jovem apaixonada, também já seguira o mesmo rumo e Abílio mantém a secreta esperança de se cruzar com ela na capital. O eixo narrativo de *Os Sonhadores* (1991) reside na recuperação das memórias de infância e de juventude, depois da saída de Zé Carlos de Plameiro, a aldeia natal, para o Porto, onde vai trabalhar, e de Gilinho, para Penafiel, de modo a prosseguir estudos.

Co obxectivo de reparar na importancia do plurilingüismo, pois "saber varios idiomas cultiva a intelixencia" (p. 24), a profesora de inglés, Sara, explica o "mosaico de linguas e culturas propias" (p. 23) de Nixeria que ten como lingua oficial o inglés, e provoca un debate no que sae unha argumentación tomada do intelectual galeguista A. D. R. Castelao, "posiblemente para dar verosimilitude" (Roig, 2008: 159), quen consideraba que "falarmos todos igual, non nos fai máis humanos, nin demostra que sexamos por iso máis intelixentes" (p. 24). Tamén se trata a necesidade e importancia da comunicación entre persoas, a Internet como recurso de búsqueda de información e o contraste entre a África turística con hoteis de luxo e a África profunda "sen aire acondicionado, sen auga, sen luz eléctrica" (pp. 26-27). A profesora de inglés aproveita para falar da fauna africana e dos seus costumes, como o caso do mercado de marfil cos cornos dos elefantes ou do segredo dos seus cemiterios ("A onde van morrer os elefantes é o máis protexido dos seus misterios", p. 28); da inadaptación dos camelos á África Subsahariana pois "atácaos a mosca tse tse" (p. 57); e da perigosidade dos búfalos xa que "Se corres, eles tamén corren e esmágante!" (p. 58).

Ademais Sara, botando man da súa imaxinación desbordante, froito do seu gusto pola lectura, aproveita para iniciar o relato dunha

serie de aventuras emocionantes na súa viaxe imaxinaria por África que crea no alumnado curiosidade, interese e simpatía cara ao exotismo da cultura africana. Nesas historias introduce elementos da realidade cotiá africana, como é o saúdo ("había que apertarlla decidida e botar a rir. Tiña que escachar coa risa, e demostrarlle a miña confianza", p. 56) ou crenzas ("En África e nos días de máis calor, se estás ao sol cando desaparece a túa sombra, morres", p. 59); e elementos máis imaxinarios como que é vítima dun feitizo da eterna xuventude do sabio da tribo de Tombuctú ou a práctica do canibalismo.

O grupo de nenos e nenas de 4º B tamén teñen as súas propias conversas nas que se reflicte o medo a ese mundo descoñecido, sobre todo en relación coas enfermidades africanas, como a febre amarela ou a sida, a preocupación polo seu posíbel contaxio ("A nova pode contaxiarnos todo iso que hai en África", p. 40; "se a rapaza a ten [a sida], acabará contaxiándonos a todos", p. 41; "A sida só se contaxia con xiringas, bicos de noivos e esas cousas", p. 41); e os perigos que supón para a saúde a adaptación a unha contorna xeográfica e un clima distintos ("Para que o saibas, a que debería vacinarse é ela contra os catarros. Alí nunca vai frío", p. 40).

Non será até mediado o capítulo 5 cando teña lugar a chegada e presentación de Amina á clase e cando Valentín advirta da súa diferenza na cor de pel ("É negra!", p. 43), aínda que pareza obvio por tratarse dunha nativa africana. Esa diferenza cromática será motivo de burla e comentario racista no poema que lle escribe e dedica Severo: "Que negra es, Amina!/ Traballas nalgunha mina?/ E se é así a túa cor.../ Que horror!" (p. 72), mentres que a profesora Sara, cando lle conta á clase as súas aventuras e desventuras por África, explica a súas sensacións por ser branca nunha contorna con predominio da raza negra: "A cor branca da miña pel facíame sentir coma un becho raro" (p. 57).

Tras a presentación, Amina vai ser o centro de atención porque "é a primeira vez que alguén que veu de tan lonxe se matricula no colexio" (p. 69) e polos seus diferentes peiteados ("Xamais (...) imaxinaran que puidese haber tantas formas diferentes de recoller o pelo

(...) Amina non repetiu peiteado en ningunha ocasión", p. 69). Tamén vai ser o centro das burlas e grazas discriminatorias dalgúns compañeiros en relación coa súa cor de pel, como Severo que "chegou a pasarlle un dedo pola face para comprobar se manchaba, pero Amina tomouno coma un aloumiño" (p. 70); coa fame, como Valentín que fai un xesto para convidala a un bocadillo "coa pretensión de rirlle na cara" (p. 70) e mofarse dela ("Tes fame? Pois aguántate, bonitiña!", p. 70); coa forma de falar, que imita Paulo coma se fose india, xestos que a protagonista interpreta como atencións pola linguaxe xestual. Porén, o detalle máis bochornoso é o poema de Severo dedicado a Amina que ela, ignorante do que di, le diante de toda a clase e llo agradece. Este desagravio vai provocar a indignación dun grupo de rapazas que se solidarizan coa acabada de chegar e que acordan avisar a todo o colexio coa consigna de facer unha manifestación, que resulta ser un éxito, na que "deberán ir vestidos coas roupas típicas de Nixeria e coa cara pintada de negro, coma se todos, rapaces e rapazas, foran Amina" (p. 75) e na que repiten, incluído Severo, "Eu tamén son africana" (p. 76).

Na celebración do Día da Paz, tras ler o seu poema Ío, unha nena que ten problemas de comunicación, Severo e Amina son os encargados de realizar o acto simbólico de soltar as pombas. Despois disto, Ío desaparece e organízase un dispositivo de busca que non dará resultados. Será Amina quen, por medio dos debuxos que lle regalara Ío, atope o seu paradeiro e comprenda as dolorosas vivencias traumáticas que non lle permiten comunicarse a través da fala e que plasma nos debuxos das paredes da casa da lagoa, que simbolizan o terror sufrido polos malos tratos de mans dese pai convertido en ogro[27].

Por medio das sete narracións epistolares de Amina cheas de lirismo, dirixidas ao seu curmán Edu, que se inician no capítulo segundo e se grafan en cursiva, o lector sabe dos seus medos, inquedanzas,

27. A temática dos malos tratos e a metamorfose da figura do pai nun ogro son a base de *Ola, estúpido monstro peludo!* (Galaxia, 2007).

interpretacións, sentimentos, añoranzas, impresións..., un rico mundo interior que transmite nas cartas, onde reflicte os detalles da súa nova realidade e que "acaparan toda a nostalxia do que quedou atrás" (Soto, 2007).

Na primeira delas, datada o 9 de xaneiro de 2006, a nena aproxima ao lectorado a cultura e costumes de Nixeria, pois introdúcense termos gastronómicos propios da súa lingua ioruba, e reflíctense os seus problemas de adaptación a unha cultura allea cando repara no cambio climático, nas roupas de abrigo, nos pisos con calefacción e en poder ir á escola. Tamén fala da problemática da inmigración ilegal e do alivio de conseguir permiso para vivir que lle permite "saír á rúa en plena luz do día, sen medo a que nos manden de volta a Lagos! Non temos que ir sempre ás présas nin as agochadas" (p. 18); das manobras que fai xunto coa súa nai para aforrar e poder comer carne algún domingo; e da axuda que realiza cos labores do fogar, mentres a súa nai traballa pluriempregada "Ten moitos traballos en diferentes casas" (p. 22).

Unha das diferenzas que máis sorprende a Amina é a escola. Expresa o afortunada que se sente de poder ir á escola igual ca os rapaces ("As rapazas van á escola, todas!", p. 20), o que permite a igualdade de oportunidades; e o seu interese por aprender a escribir ben, ao igual que Flora Nwapa, a primeira muller africana que publicou un libro en inglés. Fala da importancia do inglés como lingua maioritaria, sen rexeitar o ioruba, que considera elemento identitario: "Non quero esquecela. Mamá di que as linguas son as roupas que visten as palabras en cada lugar. O ioruba é a miña camiseta. Lévoa moi preto do corazón" (p. 20).

Nas seguintes misivas, hai espazo para reflectir os medos e nerviosismo ante a incorporación á escola (carta do martes, 10 de xaneiro de 2006), que se materializan no pesadelo que non a deixa durmir a noite antes da súa presentación, onde o profesor se lle presenta como un "gorila enorme, cun fociño tan longo coma o dun oso formigueiro" (p. 35), pois confesa o medo á "que non me queiran e me miren raro, como ás veces cando vou pola rúa botan a rir sen que eu fixese

nada gracioso" (p. 36). Tamén describe as súas impresións, interpretacións e sentimentos tras a presentación no colexio (carta do luns, 16 de xaneiro de 2006), na que un rapaz lle gritou unha palabra que non entendeu ("Negra!") e ela pasouno moi mal, pois "Todos me falaban á vez. Eu non entendía nada. Fuxín ao outro extremo do patio e entráronme moitas ganas de chorar" (p. 51).

Outras cuestións que trata na misiva do xoves, 26 de xaneiro de 2006, e que a Amina lle provocan moita inquedanza, son o biorritmo solar en Galicia e a diferenza climatolóxica ("Aquí o sol déitase moi lento (...) Pola mañá tamén se levanta devagar", "Eu morro de frío", p. 65), ademais de sentir añoranza da luminosidade africana. Mais repara nas vantaxes que lle ofrece a sociedade occidental, como a auga corrente nas casas, a educación en igualdade, a posibilidade de progreso persoal..., rompendo con falsas crenzas, produto da ignorancia e do descoñecemento cultural, como a práctica do canibalismo por parte dos brancos ("Tamén hai brancos pobres, pero é mentira que sexan caníbales", p. 66), mentres que mantén arraigadas outras crenzas culturais identitarias, como o poder máxico dos talismáns ("O teu dente de crocodilo protexerame sempre, seino", p. 67).

En canto á súa percepción das reaccións que provoca nos seus compañeiros de clase, Amina amosa unha actitude moi positiva que describe na carta do venres, 27 de xaneiro de 2006, ante episodios cheos de crueza, pois malinterpreta os desagravios dos seus compañeiros como expresións de amabilidade e cariño, debido á comunicación xestual e á incomunicación lingüística que sofre, xa que non entende o galego: "teño moitos amigos e amigas (...) Dinme cousas amables, fanme regalos, cancións... Severo acariñoume a cara, Valentín quería convidarme ao seu rico bocadillo... (...) Coa canción de Severo, todos se emocionaron moito. Algúns case choraban" (pp. 77-78); e interpreta a manifestación de solidariedade do colexio como unha festa e un xogo divertido: "Nuns minutos, o patio do colexio, convertérase nun barrio negro de Lagos: rapazas e mais rapazas coa miña mesma cor de pel, coas miñas trenzas de cores..." (p. 79).

Tamén hai espazo para as lembranzas traumáticas, como acontece na carta do 30 de xaneiro de 2006, na que rememora episodios violentos, como a crueldade de dous policías que lle pegaron coas porras de madeira cando asaltaron un bar debido á fame que tiñan (p. 94), ao tempo que se alegra de recuperar a infancia perdida na sociedade de acollida: "sinto como se agora me volvese máis pequena, xogo moito, non teño que tirar da saia ás turistas para que collan o bus, todo por gañar unha laranxa" (p. 94). Recorda cando o espírito embruxado da malaria entrou no seu pai e o levou "xunta aos deuses das augas" (p. 98) e como, por medo ao contaxio, a policía destruíu as chabolas do barrio; ademais da sorte que lle trouxo o feixiño de plumas de galo, que lle comprou Mohamed á súa nai no mercado de Jankara Market, para poder chegar a España (p. 98).

No último capítulo, no que se transcribe a misiva do 6 de febreiro de 2006, o lectorado atopa explicación a moitas interrogantes da historia. Así descobre o significado do nome do curmán de Amina quen nacera "o mesmo día en que se abriu a primeira escola" (p. 111) da súa aldea, de aí Edu=Education; que o pai de Ío era "un ogro malo que mallaba na súa nai" (p. 113), acontecemento que Ío reflectira lirica e simbolicamente no poema que escribira para o Día da Paz e que provocou a súa desaparición porque non lle gustaran os aplausos e as risas no patio cando o leu xa que "O seu poema era triste" (p. 114); que as aventuras que contara a profesora Sara eran produto da súa imaxinación porque "leu un fermoso libro e os seus soños viaxaron ata África" (p. 114); que Amina, grazas a que aprende o galego moi rápido, xa pode falar con palabras e non só con debuxos coa súa amiga Ío; e que Severo cambiou a súa actitude con respecto a ela e lle regalou un novo poema "Non quero ser malo,/ xogar con engano./ Amina Nwapa,/ que guapa!/ Do you want to be my friend?" (p. 116), aprendendo que, como lle indicara o seu titor, don Ignacio, "as palabras tamén poden ser pedras que feren profundamente" (p. 14).

Resultan moi significativas e emotivas as comparacións dos seus sentimentos con diferentes elementos de África coas que pecha as misivas, que supoñen o espazo simbólico e hiperbólico da añoranza

que Amina sente polo seu continente e o seu país. Así envía "Un bico grande como toda Nixeria" (p. 22), "Unha aperta tan longa coma o río Níxer" (p. 36), "Un abrazo tan forte como as chuvias de agosto en Lagos" (p. 53), "Que a túa sombra nunca te abandone" (p. 68), "Un bico tan fermoso como a baía de Denín" (p. 80), "Unha aperta forte coma os cornos dun vello elefante" (p. 99); mais na última misiva xa se produciu a identificación co país que a acolle e manda "Un bico máxico coma a lagoa onde Ío e mais eu imos para falar tanto, tanto..." (p. 116).

A desdramatización pola vía do humor

Malia tratarse dunha problemática seria e actual como é a inmigración a Europa desde os países africanos e a situación sociocultural retrógrada do continente africano, Casalderrey "mostra a súa habelencia para ver o mundo cos ollos dos nenos e das nenas e explicalo coa súa propia voz" (Soto, 2007). Consegue con sutileza desdramatizar estas cuestións por medio de xogos de malentendidos en episodios humorísticos que "diminúen a dureza dos feitos e evitan un enfoque excesivamente serio e tenso" (Soto, 2007) nos que se reflicte o rexeitamento do diferente, a burla, a crueldade exercida contra o que non pode defenderse (Fernández, 2007). Boa mostra é a confusión xeográfica de Valentín, entre o lugar de Lagos de Portugal e a cidade de Nixeria; os xogos lingüísticos dos personaxes preadolescentes que se mofan do apelido da nena, aproveitando a semellanza fonética (Nwapa=Non guapa); a confusión semántica entre termos distintos, como lapidar/dilapidar (p. 13), ao falar do ritual da lapidación, ou entre palabras sinónimas con varios significados, como colonia/perfume (p. 42), cando se fala da escravitude e colonización de África. Tamén a metáfora que alude á cor de pel de Amina ("pernas de espagueti con tinta de lura", p. 72); e a confusión entre linguas por unha tradución literal, cando Paulo lle quere preguntar se está constipada en inglés, debido aos frecuentes e continuos esbi-

rros de Amina, e en realidade lle pregunta se está estrinxida ("Amina, ar yu costipeitid?", p. 45).

A isto hai que sumar outros recursos estilísticos que dan axilidade, manteñen a intriga da trama narrativa e aseguran un bo tempo de lectura como son "a diversificación da acción, os continuos saltos espaciais e temporais, os cambios no punto de vista, o deseño dos personaxes, os estímulos de anticipación" (Soto, 2007).

Bibliografía

Fernández, María Jesús (2007), "*A lagoa das nenas mudas*, Fina Casalderrey", en *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, nº 206, "Libros", xullo/agosto, p. 68.

Navarro, María (2007), "Os rostros da realidade", en *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 203, "Infantil/Xuvenil", 19 abril, p. 11/*La Opinión*, "*Saberes*", nº 195, 28 abril, p. VII.

Raviña Rosende, Amparo (2003), "Algúns trazos sobre a obra de Fina Casalderrey", en *Fadamorgana*, nº 9, pp. 28-33.

Roig Rechou, Blanca-Ana (2008), *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Cultura e Deporte), pp. 59-66/153-160.

Soto, Isabel (2007), "Cos fíos da realidade", en LG3 http://www.culturagalega.org/lg3/extra_recension_xenero.php?Cod_extrs=1286&Cod_prdccn=1044 [publicado o 26/03/2007 e consultada o 7/04/2014].

6.3. *Eddy Merckxen gurpila*[28]. Javi Cillero

Xabier Etxaniz Erle
(Euskal Herriko Unibertsitatea) [29]

Laburpena: *Eddy Merckxen gurpila* frankismoaren azken hamarkadetan girotutako kontakizuna dugu. Istorioan, haur-gaztetxo baten ahotik kontatua lehen pertsonan, langileen auzo bateko errealitatea erakusten zaigu, eguneroko arazoak etxe barnean eta nola, apur apurka gero nola ari den gure protagonistaren bizitzan garrantzia, pisu handiagoa hartzen Joxe, etxabera bizitzera etorritako gizon andaluza. Narrazio sinple batean bidez immigrazioaren drama ezagutuko dugu, gizartearen bazterketa, bizimodu hori nozitzen dutenen egoera. Maitasunak, inbidiak eta menduak, berriz, giza drama honen alderik pertsonalena, humanoena ezagutzeko parada emango digute.

Hitz gakoak: desamodioa, drama, immigrazioa.

28. Il. Antton Olariaga, Donostia: Erein, bild.. Auskalo, 37. Zenb., 1994.
29. IT 851/13 Ikerketa taldearen lana.

Abstract: *Eddy Merckxen gurpila* [Eddy Merckx's wheel] is a tale that takes place in the last decades of Franco's dictatorship. The story, narrated in first-person by a teenager, shows the reality of a working class neighbourhood, the every day family problems and the importance that José, an Andalusian immigrant who lives in the lowest floor of the house, will have for the protagonist. Through a simple narration, we witness the drama of immigration, the social rejection and the life of these people. Love, envy and vengeance offer us the more personal side of social drama.

Keywords: drama, heartbreak, immigration.

Euskal gizartean beti egon izan dira jendearen joan etorriak. Historikoki euskal gizartea, dela maiorazkoaren bidezko bere giza antolakuntza –familiako lurrak eta baserria seme zaharrenari dagokion antolakuntza–, dela egoera edo behar ekonomikoa, kezkak edo beste edozein arrazoi, euskal gizarte hori munduan barrena sakabanatu izan da. Ameriketako euskal koloniak, Ternuako arrantzaleen haietatik gerra ondorengoetara, horren guztiaren isla dira.

Euskaldunok kanpora joan izan garen modu berean XX. mendean, batik bat frankismoaren azken hamarkadetan, ugari izan dira Euskal Herrira etorritako immigranteak. 1950ean, esaterako, Bizkaian 569.118 lagun bizi ziren, hamar urte beranduago 754.383 ziren, eta 1970ean 1.053.310 biztanle zituen lurralde horrek. "Es el hecho inmigratorio el que viene a ser para gran parte del país el factor demográfico más característico (…) y el que ofrece también de más graves consecuencias para el proceso histórico del euskara" (Euskaltzaindia, 1977: 276). Immigrazio mugimendu hori, euskal nortasuna, kultura, ohiturak eta euskararen kontrako mugimendutzat hartua izan da sarritan; horrela ageri zaigu XIX. mende amaiera eta XX.eko hasiera aldeko hainbat lanetan. Hauetan baserritarraren jakituria kanpoko ilustratuaren omenezko ezagutzaren pare jartzen

da, eta kanpotarrak ziren euskal gizartea hondatzen zutenak, bekatuak egiten eta jokabide ezmorala zutenak. Horien aurrean euskaldun fededun ideia behin eta berriro azpimarratzen zen, horixe eta hitzezko pertsonena.

Eddy Merckxen gurpila lanak Lizardi saria lortu zuen 1993an eta, neurri batean bederen, immigrazioaren egoera, garai bateko gizartearena eta kultur giroarena islatzen du. Bilboko auzo batean kokaturiko istorio dugu, frankismoaren azken urteotan girotua eta narratzailea bizi den eta jolastoki dituen kaleen inguruan. Edozein auzo izan zitekeen, Euskal Herriko edozein gune industrial, edozein industri herri; haurrak kalean jolasten, telebista tabernan, auzokoak kontrolatzen dituztenen begirada eta zurrumurruekin, eta guztiaren atzean, teloi gisa, egoera politikoa eta kanpotarrekiko mesfidantza… Testuinguru horretan narratzaileak, hasiera hasieratik, arreta jartzen du Joserengan (edo Joxe, ipuinean auzokoek izendatzen duten bezala), auzora etorri berria den kanpotarra, immigrante bat eta narratzailearen etxe berera etorri dena bizitzera:

> Joxe kanpotarra zen, Andaluzia aldekoa. Horrek hesiak eta langak jarri zizkion hasieran gure auzoan. Garai hartan jende olde handi bat etorri zitzaigun auzora eta batzuei barrenak estutu zitzaizkien, beldurrez auzoak bere jatortasuna galduko ote zuen kanpotarren etorreragatik. Pare bat auzokide gartzelan zeuden eta usain txarra hartzen genien ezezagunei, poliziaren txibatoak zirelakoan (7. or.).

Baina Joxek auzotarren konfiantza eskuratuko du pixkanaka. Euskaldunan lan egiten zuen eta auzokoei laguntzen ahal zuen guztietan. Haren bizitokia, etxabean dagoen txokoa, misterio bat da eta auzoko mutikoentzako erakargarria izateaz gain tentagarria ere bada, baina "guretzat, hamabi urteko mukizuontzat, debekatuta zegoen Joxegana hurreratzea" (10. or.). Debeku horrek jakin-mina eta nahia areagotzea besterik ez du lortuko, eta gazte narratzailearen eta langile andaluzaren arteko harremana estutu.

Gizarte frankista

Javi Cillerok Bilbo frankistaren irudia eskaintzen digu lanean, zigor fisikoak eskolan, tabernetako giroa, jolasak kale gorrian, igandeetako mezak, nahi eta desioak (ez hainbeste sexualak, narratzailea hamabi urteko mutikoa dela kontuan harturik, nahiz eta nesken argazkien inguruko aipamen bat baino gehiago ageri), bizikleta bat izateko nahia, koadrilako guztien artean partekatzen duten Andoniren bizikletarena…

Garaiko egoeraren isla dugu erlijioaren presentziarena ere, bai adierazpenetan ("Jainkoak erabakita zegoen") bai eta gertakarietan ere. Ikastetxe erlijiosoen inguruko komentarioak ere ugari dira (horixe da familiako nahi handienetariko bat, anaia zaharrena Mariasen sartzea, ikastegi erlijiosoan), eta testu giro horretan koka genezake Maritxuren senarra ere, goi mailakoa, erlijiosoa eta oso matxista, gizonezko horrek ipuinaren ikuspegi erlijiosoa indartzen du, protagonista deseroso sentiarazten duen giroa. Maritxuren senarrak ere deseroso sentiaraziko du mutikoa, eta garai bateko maistra berritsu eta alaia zena, orain senarraren itzala besterik ez da, ez du ahoa irekitzen haren aurrean: "Maritxuren senarrak egin zuen berba denbora osoan" (34. or.).

Errepresioaren garai horretan, giro zapaltzaile horretan, kirola izango da jende askoren ihesbidea eta txirrindularitzarekiko zaletasuna, arestian aipatu izan duguna, izango da Joxe eta narratzaile gaztea are gehiago batuko dituena; Tourrari buruzko komentarioak, eta batik bat Eddy Merckxi buruzkoak.

Baina, horien guztien gainetik, Joxe eta praktiketako maistra den Maritxuk duten maitasun historia, Joxe eta haren mundua, izango dira gure protagonista gaztearen bizitzaren eragiten dutenak.

Maritxurekin duen amodiozko historiak Joxeren bizitza aldaraziko du; eta guztiok izango gara bikotearen zoriontasunaren lekuko:

seikarra hartu eta auzotik aldegiten zuten. Halatan abiatuko ziren behin eta berriro, Artxanda aldera, hondartza aldera, Deustuko garagardotegira zeozer hartzera. Hainbeste ibilaldiren ondoren, Maritxu eta Joxek beltzaran bikiak ziruditen (21. or.).

Baina harreman horrek era askotako komentario arrazista sortaraziko ditu auzotarren artean ("Halakoek etorri behar zuten auzora betiko jende jatorra galtzera!", 22. or.; "Kanpotar batekin ezkontzea azkena izango zela auzoko neskatila batentzat" 25. or.; "Halakoek nahasten zituzten auzoak eta bazterrak, jendearen burua berotuz politika kontu horiekin" 34. or.; "Jendea marmarka zebilen, kanpotarren azpikeriak ahotan" 52. or.). Komentario horiek, gehi boterearen indarkeria eta jeloskorkeria amaiera tragikoa eraikitzen oinarrizkoak izango dira.

Beldurretik garapenera

Kanpotar baten etorrerak mesfidantza sortarazten du, kanpoko horrek bertako pertsona batekin maitasun harremana izateak gaitzespena. Baina egoera hori, ipuin honetan amodiozko historia baten ondorio gisa aurkezten zaigun egoera, kanpotik etorri eta gizarte bateko partaide izan nahi izan duten guztien borroka etengabea izan da, eta da. Euskal kulturak bere nortasuna galtzeko izan eta duen beldurra; bada kanpokoarekiko mesfidantza, gaitzespena, gurearen babesteko eta salbatzeko gogoa nabaritzen da, ikusten da ipuin guztian zehar. Baina, bestalde, *Eddy Merkxen gurpila* 70eko hamarkadan Bilboko langileek bizi duten giroaren isla zuzena dugu, kultur anitzeko gizartea, arraza eta jatorri oso ezberdinetakoa, urte batzuk beranduago izango zenaren aurrerapena: kultur nahasketa bat, Jamesonek (1998) dioen bezala gizarte posmodernoa, gure inguruaren dagoen ugaritasun eta aberastasun gero eta handiagoaren isla. Eta, liburu honetako lehen atalean Margarida Castellanok dioen bezala "so literature can, and perhaps must, give the lie to official facts" (Rushdie, 1992: 14), literatura dugu errealitatea kontatzeko tresna aparta.

Cilleroren lanak, beraz, fikziotik abiatuta, gizartearen errealitatea erakusten digu, hamabi urteko ume baten begiek ikusten duten errealitatea; baina era berean, gertakariak igaro ahala ume hori gazte bilakatzen joango zaigu. Haurtzaroari agur esango dio. Joxeren atxi-

loketak (Maritxuren senarrak komunista arriskutsuaren gezurrezko salaketagatik atxilotua) zinemetako amaiera ematen dio narrazio, mutikoa txirrinduaz korrika abiatzen langile andaluz laguna daraman kotxaren atzetik, eta nola, azkenean, kotxea bistatik galdu ondoren bizikleta hartu eta amorruz itsasora jaurtitzen duen hainbeste desio zuen tresna. "Harrez gero, behin ere ez dut bizikletarik hartu" 52. or. Esaldi horrekin amaitzen da istorioa, protagonistaren desiorik handiena bizikleta bat izan eta Eddy Merckx bezalakoa izatea zen istorioa; baina bizitzan, egunerokoan, adiskidetasunak eta saminak bestelako errealitateak eskaini eta eman dizkiotenak, Beste espazio ezberdin, Donna Harawayk aipatzen duen bezala (Jamesonek aipatua, 1998: 136), heldutasunera lagunduko digutenak, gizarte ireki eta aurrerakoiago bat izatera lagunduko. Izan ere, David Viñasek dioen bezala: "Klase nagusiaren kontrolaren ondorioz, gizarteak monoglosikoa dirudi, baina gizarte oro heteroglosikoa da berez, eta beti izaten dira erresistentziarako zirrikituak" (2011: 605). Narrazioari amaiera ematen dion ekintza, hainbeste desiratu, espero, nahi izan duen bizikleta itsasora jaurtitzea, erresistentziaren eredua da berez, injustiziaren kontrako protesta, ikusi berri duenaren aurreko erreakzioa; eta, aldi berean, bestearen onarpenaren erakustaldi argiena. Inoiz ez da hain gertu egon Joxe, inoiz ez da hain onartua izan, eta besteak norberarekin bat egiten du mundu bat eraikitzeko, errealitate berri bat, gaur egungo irakurleak uler eta estimatuko duen errealitatea.

Bibliografia

Euskaltzaindia (1977), *El libro blanco del euskara*, Bilbao: Euskaltzaindia.

Jameson, Frederic (1998), "Sobre los Estudios Culturales", en *Estudios Culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo*, Barcelona: Paidós, pp. 69-136.

Rushdie, Salman (1992), *Imaginary Homelands*, London: Penguin.

Viñas Piquer, David (2011), *Literaturaren kritikaren historia*, Bilbo: UPV/EHU.

Eddy Merckxen gurpila [A roda de Eddy Merckx][30], de Javi Cillero

Xabier Etxaniz Erle
(Euskal Herriko Unibertsitatea/Universidade do País Vasco)[31]

Resumo: *Eddy Merckxen gurpila* [A roda de Eddy Merckx] é un conto ambientado nas últimas décadas do franquismo. A historia, narrada en primeira persoa por un adolescente, amósanos a realidade dun barrio obreiro, os problemas familiares de cada día e a importancia que cobra na vida do protagonista José, un inmigrante andaluz que vive nos baixos da súa casa. A través dunha narración sinxela somos testemuñas do drama da inmigración, o seu rexeitamento social, a vida desas persoas. O amor, a envexa e a vinganza ofrécennos o lado máis persoal dun drama social.

Palabras clave: desamor, drama, inmigración.

30. Il. Antton Olariaga, Donostia: Erein, col. Auskalo, nº 37, 1994.
31. Traballo realizado dentro do Proxecto de Investigación IT 851/13.

Abstract: *Eddy Merckxen gurpila* [Eddy Merckx's wheel] is a tale that takes place in the last decades of Franco's dictatorship. The story, narrated in first-person by a teenager, shows the reality of a working class neighbourhood, the every day family problems and the importance that José, an Andalusian immigrant who lives in the lowest floor of the house, will have for the protagonist. Through a simple narration, we witness the drama of immigration, the social rejection and the life of these people. Love, envy and vengeance offer us the more personal side of social drama.

Keywords: drama, heartbreak, immigration.

Na sociedade vasca sempre houbo movementos migratorios. Historicamente o pobo vasco, pola súa organización social, o morgado, que outorgaba o dereito da herdanza ao fillo maior da casa, necesidades económicas, inquietudes etc., viaxou e expandiuse por todo o mundo. As colonias vascas en América, desde as primeiras como consecuencia da pesca en Terranova até as últimas tras a derrota na guerra civil, constitúen un reflexo deste feito.

Agora ben, ao longo do século XX, especialmente nas últimas décadas do franquismo, o País Vasco foi terra de destino para moitas persoas. En 1950 Biscaia, por exemplo, tiña un censo de 569.118 persoas, unha década despois eran 754.383 e en 1970, 1.053.310 habitantes. "Es el hecho inmigratorio el que viene a ser para gran parte del país el factor demográfico más característico (…) y el que ofrece también de más graves consecuencias para el proceso histórico del euskara" (Euskaltzaindia, 1977: 276). Efectivamente, este proceso migratorio viuse moitas veces como un movemento social con graves consecuencias contra a identidade vasca, a súa cultura, os seus costumes, a súa lingua; e é así como se viu reflectido nas obras de finais do século XIX e das primeiras décadas do século XX, nas que se contrapuña a sabedoría do aldeán (vasco) fronte á suposta intelixencia do ilustrado (de fóra), ou nas que eran as persoas chegadas

ao País Vasco as quen corrompían, pecaban e actuaban dun xeito inmoral; e, remarcábase unha e outra vez a idea de que os vascos son unhas persoas de palabra e vida cristiá.

Eddy Merckxen gurpila, conto galardoado co Premio Lizardi en 1993, amosa, en certa medida, esa inmigración, a situación social e cultural dunha época. Trátase dunha narración ambientada nos últimos anos do franquismo, nun barrio obreiro de Bilbao e arredor dunhas cantas rúas nas que se move e xoga o mozo narrador. Podería ser calquera barrio de calquera cidade ou localidade industrial do País Vasco; cos mozos xogando na rúa, a televisión no bar, miradas e comentarios das persoas que controlan os seus veciños e un pouco de realidade política de fondo, algún comentario sobre a desconfianza cara aos de fóra... Neste contexto, o narrador, desde o mesmo inicio, pon o foco en José (ou Joxe, como lle chaman todos alí) un novo inquilino no barrio, un inmigrante instalado no edificio no que vive o mozo narrador desta historia:

> Joxe kanpotarra zen, Andaluzia aldekoa. Horrek hesiak eta langak jarri zizkion hasieran gure auzoan. Garai hartan jende olde handi bat etorri zitzaigun auzora eta batzuei barrenak estutu zitzaizkien, beldurrez auzoak bere jatortasuna galduko ote zuen kanpotarren etorreragatik. Pare bat auzokide gartzelan zeuden eta usain txarra hartzen genien ezezagunei, poliziaren txibatoak zirelakoan (p. 7).

> [Joxe era de fóra, da zona de Andalucía. Iso, ao principio, ocasionoulle dificultades no barrio. Naquela época veu unha marea de persoas ao barrio e a algúns non lles cocía o pan no corpo, tiñan medo a que o barrio perdese a súa personalidade como consecuencia de tantos inmigrantes. Había un par de veciños que estaban no cárcere e non confiabamos nos descoñecidos pensando que poderían ser delatores da policía].

Pero Joxe irá gañando a confianza dos habitantes do barrio. Traballa nos estaleiros e axuda os seus veciños no que pode. O recanto onde vive, un baixo da casa, é un misterio e unha tentación para os mozos do barrio, pero "guretzat, hamabi urteko mukizuontzat, debekatuta zegoen Joxegana hurreratzea" ["para nós, uns mocosos de doce anos, estaba prohibido achegarse a Joxe"] (p. 10). Esa prohibición non fará máis que aumentar o desexo e a relación entre o protagonista e o traballador andaluz.

Sociedade franquista

Javi Cillero ofrece unha visión social do Bilbao franquista, os castigos corporais na escola, os faladoiros nos bares, os xogos na rúa, misas todos os domingos, os desexos (non tanto sexuais, posto que o narrador é un neno de doce anos, aínda que con algunha que outra referencia a fotos de mozas), as ganas de ter unha bici, de compartir entre todos os da cuadrilla a bicicleta de Andoni…

A presenza da relixión, tanto nos ditos ("Jainkoak erabakita zegoen" [Era cousa de Deus]) coma nas actuacións, é un notorio reflexo desa sociedade. Os constantes comentarios a colexios relixiosos (un dos maiores esforzos da familia é lograr que o irmán maior ingrese nos Marias) ou o papel do home de Maritxu, de clase alta, relixioso e machista, reforzan ese ambiente relixioso, un tanto abafante para o protagonista, igual ca a actitude do marido con Maritxu, quen parece que non é máis ca a sombra deste. Aquela moza mestra agora non abre a boca cando está o seu home: "Maritxuren senarrak egin zuen berba denbora osoan" [O home de Maritxu falou durante todo o tempo] (p. 34).

Neste ambiente será o deporte a escapatoria para moitas persoas e será esa afección ao ciclismo, que comentamos anteriormente, a que una a Joxe e o narrador; os comentarios sobre o Tour e, sobre todo, a figura de Eddy Merckx.

Pero, sobre todo, será como consecuencia do romance que manteñen Joxe e Maritxu, a mestra en prácticas, como Joxe e o seu mundo teñen unha presenza moito maior. A relación amorosa coa nova Maritxu dará lugar a un cambio na vida de Joxe; e somos testemuñas da felicidade da parella:

> seikarra hartu eta auzotik aldegiten zuten. Halatan abiatuko ziren behin eta berriro, Artxanda aldera, hondartza aldera, Deustuko garagardotegira zeozer hartzera. Hainbeste ibilaldiren ondoren, Maritxu eta Joxek beltzaran bikiak ziruditen (p. 21)
>
> [montaban no sidecar e marchaban fóra do barrio. Unha e outra vez irían cara a Artxanda, ou á praia, tomar algo na cervexería de Deusto. Con tanta viaxe, Maritxu e Joxe parecían xemelgos morenos].

Pero esta relación tamén dá orixe a toda unha serie de comentarios racistas ("Halakoek etorri behar zuten auzora betiko jende jatorra galtzera!" (p. 22) [Tiñan que vir eses botar a perder a boa xente de sempre do barrio!]; "Kanpotar batekin ezkontzea azkena izango zela auzoko neskatila batentzat" (p. 25) [Casar cun de fóra é o último para unha moza do barrio]; "Halakoek nahasten zituzten auzoak eta bazterrak, jendearen burua berotuz politika kontu horiekin" (p. 34) [Ese tipo de persoas argallaban polas esquinas quentando as persoas con eses contos políticos]; "Jendea marmarka zebilen, kanpotarren azpikeriak ahotan" (p. 52) [A xente murmuraba sobre os xogos sucios dos inmigrantes]. Comentarios, que xunto co abuso do poder e os celos, desembocan nun final tráxico.

Do medo ao progreso

A chegada de alguén de fóra crea desconfianza, ou que esa persoa teña unha relación con outra do lugar dá pé ao rexeitamento. Pero este feito, que aquí se nos presenta como consecuencia dunha relación persoal, é a continua loita que existiu entre os que se integran nunha sociedade e esta. O medo a perder a identidade estivo presente na cultura vasca; hai un rexeitamento ao que vén de fóra, unha necesidade de protexerse e defenderse que se aprecia ao longo de toda a obra. Pero, por outra parte, *Eddy Merckxen gurpila* é unha constatación da sociedade obreira bilbaína da década dos setenta, unha sociedade multicultural, intercultural; un avance do que será uns anos máis tarde: unha mestura cultural, como di Jameson (1998), unha sociedade posmoderna na que se presenta a variedade e o abano, cada vez máis amplo da nosa contorna. E é que, como cita Margarida Castellano no primeiro capítulo desta obra "so literature can, and perhaps must, give the lie to official facts" (Rushdie, 1992: 14).

A obra de Cillero ofrécenos polo tanto, desde a ficción, un reflexo moi real da sociedade a ollos dun mozo de doce anos; un neno que, segundo van pasando os acontecementos ante a súa mirada,

vai abandonando a nenez. A detención de Joxe (acusado falsamente polo marido de Martixu de ser un perigoso comunista) outórgalle un final cinematográfico á narración, cunha persecución en bicicleta tras o coche no que levan o seu amigo e como, ao cabo, tras perder de vista o coche, tira a bicicleta ao mar. "Harrez gero, behin ere ez dut bizikletarik hartu" (p. 52) [Nunca máis collín unha bicicleta]. Con esta frase acaba a historia, unha narración na que ter unha bicicleta e ser como Eddy Merckx foi o máximo desexo do protagonista, pero na que a vida, a amizade, o sufrimiento, foron ofrecendo outras realidades, outros espazos diferentes como indica Donna Haraway (citada por Jameson, 1998: 136), que nos axudan a madurar, a progresar cara a unha sociedade máis aberta. Porque como indica David Viñas: "El control de la clase dominante hace que la sociedad parezca monoglósica, pero en realidad toda sociedad es hetereglósica y siempre hay resquicios para la resistencia" (2002: 576). A acción que pon fin ao relato, botar ao mar a bicicleta que tanto esperou e desexou, a bicicleta coa que soñou ao longo de toda a historia, é en si unha mostra de resistencia, de protesta ante a inxustiza que acaba de ver, e é, ao mesmo tempo, a mellor mostra de aceptación do outro. Nunca Joxe estivo tan preto, nunca foi tan aceptado, e o outro únese co eu para crear un mundo, unha realidade nova que o lector ou lectora de hoxe en día pode apreciar e comprender.

Bibliografía

Euskaltzaindia (1977), *El libro blanco del euskara*, Bilbao: Euskaltzaindia.

Jameson, Frederic (1998), "Sobre los Estudios Culturales", en *Estudios Culturales. Reflexiones sobre el multiculturalismo*, Barcelona: Paidós, pp.69-136.

Rushdie, Salman (1992), *Imaginary Homelands*, London: Penguin.

Viñas Piquer, David (2002), *Historia de la crítica literaria*, Barcelona: Ariel.

6.4. *Tamanho Grande*[32], de Jorge Colombo: uma visão "espantada" do país de acolhimento

José António Gomes
(ESE-IP Porto)

Sara Reis da Silva
(IE – Universidade do Minho)

Resumo: Neste ensaio, procede-se à análise da pequena novela *Tamanho Grande*, texto especialmente vocacionado para leitores medianos/autonómos, a partir da dilucidação dos seus mais relevantes eixos ideotemáticos: emigração, adaptação a um novo país, diferenças culturais, alteridade, família, entre outros. O olhar português acerca da cultura americana, recriado por Jorge Colombo, dá conta de traços manifestamente singulares. Aspectos de linguagem e estilo são, igualmente, revistos.

Palavras-chave: adaptação, cultura norteamericana, emigração, fascínio, Jorge Colombo.

32. Lisboa: Dom Quixote, col. Primeiras Histórias, 1992.

Abstract: This essay aims at analyzing the short novel *Tamanho Grande*, text which is specifically suitable for independent readers, from the elucidation of its most relevant ideological and thematic areas: migration, adaptation to a new country, cultural differences, otherness, family, among others. The Portuguese look about American culture, recreated by Jorge Colombo, manifestly reveals its singular traits. Aspects of language and style are also reviewed.

Keywords: adaptation, emigration, fascination, Jorge Colombo, North American culture.

Escrito e ilustrado pelo *designer* e ilustrador Jorge Colombo (Lisboa, 1963), *Tamanho Grande* (1992) é uma curta novela que integra a coleção "Primeiras Histórias", dirigida por Inês Pedrosa e Fernanda Fragateiro, um conjunto de "pequenos livros, escritos e ilustrados por autores portugueses, a pensar nas crianças que começam a gostar de ler a sério", como se regista numa das badanas do volume.

Estruturada em cinco capítulos, a narrativa constrói-se em torno de uma família portuguesa (mãe, pai e filho) que emigra para os Estados Unidos da América. A partida do país é motivada pela possibilidade de "estudar numa universidade dos Estados Unidos" (p. 9). O cenário da ação é, pois, o país mencionado, espaço no qual a família portuguesa faz por se integrar, contando, por exemplo, com vizinhos que se distinguem pela simpatia e hospitalidade.

Observa-se a assimilação relativamente "pacífica" de hábitos e costumes norte-americanos – manteiga de amendoim ao pequeno-almoço, galinha grelhada e milho com manteiga ou pipocas no cinema "em baldes enormes de papel" (p. 27) –, embora tal não signifique que o afastamento físico do seu país ou a distância da família e dos amigos sejam sentidos com leveza:

> Sentiam quase que tinham cortado de vez com o seu país. Tinham medo que os amigos os esquecessem; que tanta coisa se passasse na sua ausência que quando

> eles voltassem ia tudo parecer como nos filmes em que se adormece e se perde o fio à história (p. 15).

Na realidade, se o pai passou mesmo a viver "como um Americano" (p. 49), a mãe "era diferente. Tentava viver como antes da América" (p. 51). Para o menino, o tempo aí passado "era perfeito, como um filme ou um sonho, ou uma lenda" (p. 52).

A representação literária dos modos de vestir, dos hábitos, da alimentação ou da música, por exemplo, dos habitantes do país de acolhimento dá conta de uma atitude positiva, de uma abertura que não deixa de dar conta da surpresa ou do fascínio face ao novo e ao diferente e que, de certa forma, corresponde ao início de um processo de aculturação. As reações da personagem infantil, o menino, são talvez as que melhor testemunham o que acabámos de referir, como prova o seguinte excerto:

> O tio de Marion vivia na Florida e era astronauta. O menino não podia acreditar. Fez a mãe traduzir para Stella todas as perguntas de que se lembrou sobre astronautas a sério. Afinal o tio da Florida nunca tinha ido ao espaço: tinham andado a treiná-lo com mais um grupo de outros, mas de cada vez que lançavam uma nave eram escolhidos uns quantos, e a vez dele nunca veio (...) (pp. 41-42).

O sentido do título concretiza-se logo no parágrafo de abertura, segmento no qual, além de se acentuar a dimensão considerável e surpreendente de um cenário novo, também se identifica o espaço físico no qual decorre a ação, bem como as principais figuras que nela participam.

Ao longo da narrativa, multiplicam-se as referências a elementos do cenário, manifestações culturais ou detalhes sociais que contribuem para a revelação de um/a olhar/visão "de fora" da cultura norte-americana. Trata-se de uma imagem literária, na qual, a partir da articulação da vertente referencial – muito evidente e acentuada – e da vertente ficcional, se dá conta de uma perspectiva particular acerca do país em questão. As descrições distinguem-se pelo forte sensorialismo e/ou por uma incidência visual, decorrente do uso

assíduo de adjetivos, da metáfora e da comparação. Releiam-se, a este propósito, passagens como:

> A auto-estrada era como uma pista de corrida, cheia de carros enormes; alguns compridos como um vagão de comboio, de motorista fardado e vidros pretos, para não se ver quem ia dentro; outros todos enferrujados, com plásticos a tapar uma janela zarolha. E camiões gigantescos, as luzes todas a brilhar. Ao longe viam-se as torres da cidade, por entre projectores a fazer festas nas nuvens, e muitos aviões no céu ao mesmo tempo (p. 10).

Características da geografia física (e humana, também, como veremos mais adiante) ou aspectos da paisagem e do clima são, de igual modo, recriados num registo marcadamente visualista:

> Parecia que iam de barco por um mar que nunca mais acabava, verde da cor da erva. As estradas eram imensas, sempre iguais. (…) Choveu-lhes no caminho. O céu mascarrado de nuvens e a pradaria salpicada de rochedos ficavam simétricos, só que de cores diferentes. De tão filtrada a luz, a estrada molhada tornava-se branca e dissolvia-se no horizonte. (…) A paisagem era só um céu imenso, o maior e o mais azul dos céus do mundo, vaquinhas ao longe e um ou outro celeiro pintado de vermelho (pp. 31-32).

A paisagem social e a sua diversidade multicultural espantam e seduzem, igualmente, a família de emigrantes:

> Havia bairros inteiros só com gente doutros países: o bairro coreano, o bairro grego, o bairro mexicano, o bairro polaco. Carros passavam na rua a tocar música alegre das Caraíbas; e as tabuletas das lojas faziam de conta que estavam noutro país. A comida era sempre uma surpresa. O pai gostava de espigas de milho à moda Mexicana, picantes e a escorrer manteiga, espetadas num pauzinho como se fossem sorvete. A mãe preferia crepes do Vietname, delgados como papel, com cogumelos pequeninos. E o menino gostava de comer cachorros quentes, a saber a mostarda e a pimentos picantes com cebola migada e rodelas de tomate (p. 22).

As alusões às acentuadas desigualdades e a necessidade de diversificação da atividade profissional (ter duas profissões para que o dinheiro chegue), bem como as referências à forma de vida de um grupo de idosos, entre outras, servem a composição de uma singular imagem social.

O retrato de um país é, assim, construído a partir da visão de uma família de emigrantes cuja condição se diferencia claramente da do emigrante português das décadas de 60/70 do século XX e se distancia dessas muitas partidas dramáticas, dessas tentativas de fuga de uma vida difícil, que haveriam de levar muitos trabalhadores a rumar à França, ao Luxemburgo, à Suíça e à Alemanha – ou seja, à Europa rica e desenvolvida – em busca de melhores condições socioeconómicas. No início da última década do século XX, altura em que é editada, a obra de Jorge Colombo inaugura assim uma nova representação da emigração lusa que dá a ver uma geração de emigrantes diferente das que a antecederam e cujo *background* nacional, nesse início dos anos 90, é já um país na aparência mais moderno, mais qualificado academicamente e mais aberto ao mundo, gerador de novas motivações para a emigração. Um país onde se faziam sentir fortemente os efeitos iniciais do enquadramento na lógica do sistema capitalista vigente nos países da União Europeia, na sequência da integração de Portugal em 1986, e do influxo dos fundos estruturais europeus que haveriam de originar incontáveis ilusões de progresso. Uma sociedade, em suma, na qual as eventuais motivações para a partida, sobretudo por parte das gerações adultas mais jovens, tinham, agora, menos que ver com razões de ordem económica e mais com uma necessidade de especialização no plano académico, realizada num país cientificamente mais evoluído, indissociável de um desejo de conhecer mundo. Além de ainda jovens, os emigrantes do livro de Jorge Colombo representam, por isso, uma pequena-média burguesia urbana e culta, tendencialmente cosmopolita, e já não o trabalhador de origem rural, analfabeto ou pouco escolarizado, com que deparamos em narrativas de Maria Isabel de Mendonça Soares ou de António Mota.

Como foi indiciado, o título temático *Tamanho Grande* sintetiza todo um programa que, além de deixar implícita uma visão do país e do continente de origem e uma imagem do país de acolhimento (o "tamanho grande" norte-americano em contraste com o implícito "tamanho pequeno" português e europeu), antecipa também um

ponto de vista, o da criança protagonista, para quem a dimensão do que observa é especialmente "grande" se comparada com a que os adultos veem.

Trata-se, aliás, de um título que igualmente anuncia a já mencionada visualidade dos elementos descritos no livro (assinale-se, a propósito, que o modo descritivo é mais relevante do que a narração de ações, até porque, em termos diegéticos, o texto se caracteriza por uma relativa elementaridade e linearidade). Traço que não surpreende num artista que, mais do que se apresentar como escritor, se tem afirmado como ilustrador. Daí que seja, também, o autor das imagens que ilustram a novela e que se distinguem pela utilização de diferentes planos e ângulos de visão e ainda por colorações fortes, contrastantes, indiciadoras de atenção às "cores locais", se pensarmos sobretudo no cenário nova-iorquino – composições de marcado bom gosto visual e cuidadoso desenho que evocam quer o universo cinematográfico quer uma certa banda desenhada. No fim de contas, ao confrontar-se com esta ressonância icónica, associada a todo um imaginário cinéfilo, também ao nível da ilustração o leitor é transportado para a América do Norte (pense-se sobretudo no adulto que leia a obra).

Azkenik, garbi geratzen da kontakizunean errepertorio sofistikatuak sartzea, hala nola, parodia, ironia, testuartekotasuna edo metanarrazioa, garrantzi handikoa dela bitartekarien obra jakin bat kanoniza dezaten, nahiz eta haur irakurleek horrelakoak guztiz ulertu ez.

Bibliografía aipatua

Aldekoa, Iñaki (2004), *Historia de la literatura vasca*, Donostia: Erein.

Atxaga, Bernardo (1983), *Txitoen istorioa*, Donostia: Erein.
— (1991), *Behi euskaldun baten memoriak*, Iruñea: Pamiela.

Garikano, Asun (2009), *Far Westeko Euskal Herria*, Iruñea: Pamiela.

Shavit, Zohar (1986), *Poetics of Children's Literature*, Athens/Londres: The University of Georgia Press.

Urquizu, Patricio (2000), *Historia de la literatura vasca*, Madril: UNED.



Kirmen Uribe e o travestismo paródico en *Garmendia eta zaldun beltza*[46]

Jose Manuel López Gaseni
(Universidade do País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea)[47]

Resumo: O presente traballo estuda un caso de caracterización do vasco emigrado ao oeste dos Estados Unidos de América a finais do século XIX. Por medio da hábil integración dun repertorio coñecido polo público infantil (o de aventuras) con outro menos coñecido procedente da periferia da literatura de adultos (o *western*), constrúese o personaxe dun pistoleiro paródico e amábel, e obtense a aprobación dos mediadores, pasando así a ocupar posicións centrais no sistema da LIX.

Palabras clave: emigración, parodia, literatura infantil e xuvenil.

Abstract: This essay studies a case of characterization of the Basque emigrant to the West of the United States of America in the last

46. Il. Mikel Valverde, Donostia: Elkar, 2003.

47. Traballo realizado dentro do Proxecto de Investigación IT 851/13.

years of the XIXth century. Through a skilled integration of a well known repertoire for the young public (adventure literature) with other less known genre that comes from the periphery of adult literature (the western), the book builds the character of a kind and parodic gunman, with the approval of the mediators, thus acquiring a central position in the system of Children's and Young-Adult Literature.

Keywords: children's literature, emigration, parody, Young-Adult Literature.

Introdución

O biscaíño Kirmen Uribe era un poeta prometedor de 33 anos, cuxa bagaxe se reducía ao seu único e aplaudido poemario *Bitartean heldu eskutik* (2001, Premio da Crítica), aínda lonxe da proxección mediática que lle reportarían as súas novelas *Bilbao-New York-Bilbao* (2008, Premio da Crítica e Premio Nacional de Literatura) e *Mussche* (2012), cando publicou o seu primeiro libro infantil, *Garmendia eta zaldun beltza* [Garmendia e o xinete negro] (2003).

Porén, ese 2003 converteuse nun ano clave para a súa carreira literaria. Por unha banda, a editorial Visor publicou a versión en castelán do seu poemario: *Mientras tanto cógeme la mano*; por outra, publicou o libro-CD *Zaharregia, txikiegia agian* [Demasiado vello, demasiado pequeno talvez], recompilación dos recitais ofrecidos en Nova York canda os músicos Mikel Urdangarin, Bingen Mendizabal e Rafa Rueda, e o ilustrador Mikel Valverde, e que desde aquela o uniría coa cidade norteamericana no imaxinario colectivo de todos os vascos.

Ademais, como adiantei, Kirmen Uribe debutou na literatura infantil coas obras *Garmendia eta zaldun beltza*, ademais de con *Ez naiz ilehoria, eta zer?* (*No soy rubia, ¿y qué?*, 2004), ambas ilustradas por Mikel Valverde e publicadas pola editorial Elkar.

A serie de narracións arredor do personaxe Garmendia principiou co xa citado *Garmendia eta zaldun beltza* (2003), e tivo continuidade con outras dúas entregas: *Garmendia errege* [Garmendia rei] (2004) e *Garmendia eta Fannyren sekretua* [Garmendia e o segredo de Fanny] (2006). Trátase de tres contos dirixidos a un público lector a partir de 9 anos. O seu protagonista é un pastor vasco que emigrou ao mítico oeste americano a finais do século XIX, e que, case sen querelo, se converte nun pistoleiro certamente atípico. Son relatos que combinan as aventuras coa poesía, e o humor co amor.

As historias do vasco Garmendia emigrado ao afastado oeste norteamericano, baseadas de forma libre nun personaxe que puido existir a finais do século XIX, están situadas nun marco histórico real, o da emigración de moitos vascos, especialmente do País vasco-francés, ás Américas e, en particular, aos Estados Unidos de América no decurso do século XIX, como consecuencia da abolición dos foros e o final definitivo dos últimos restos do Antigo Réxime, que ligaban a economía vasca ao sector primario. Segundo o historiador da literatura Iñaki Aldekoa (2004: 76):

> En las postrimerías del siglo XIX, los sectores de producción en los que la mentalidad tradicional había encontrado acomodo –artesanos, campesinos, pescadores y jauntxos– estaban inmersos en una fase de disolución (...) Según atestigua el opúsculo *El liberalismo es pecado* (1884), que tuvo amplia difusión y que fue traducido al euskera, se estaba produciendo una identificación entre la defensa de la religión tradicional y la defensa del idealizado sistema foral abolido por el liberalismo.

Pola súa parte, outro estudoso da literatura vasca, Patricio Urquizu (2000: 299-300), fai fincapé no gran número de mozos que decidiron abandonar o país para emigrar a América:

> Uno de los resultados más negativos de estas guerras [carlistas] constantes fue la emigración a América. Así si el año de 1848 salieron 672 jóvenes desde el País Vasco-francés, al año siguiente fueron 1.012, y en 1850 fueron 1.807 los que dejaron el país. Por ejemplo, la capital de Zuberoa, Maule en el plazo de veinte años (1836-1856) se quedó sin la mano de obra de 6.633 jóvenes, no siendo la sangría de poblaciones como Donapaleu o Baigorri, menor. Como indicaba el diputado Luis d'Etcheverry, desde 1832 hasta 1891, o sea en el lapso de tiempo

de sesenta años, emigran a América 79.252 jóvenes suletinos, bajonavarros y laburdinos, lo que hace una media de 1.321 por año. Un estudio semejante fue hecho por el periodista José Colás en 1882, que fue traducido al euskera por el escritor Marcelino Soroa, que calcula una media de cinco mil emigrantes anuales en el siglo XIX.

A actividade principal á que se dedicaron os primeiros vascos emigrados aos Estados Unidos de América foi o pastoreo, profesión que, disque, encaixaba moi ben coa imaxe entre romántica e depresiva do emigrado vasco. Así o conta Asun Garikano (2009: 243), tras un arduo labor de documentación no Centro de Estudos Vascos da Universidade de Nevada, Reno:

Urre bila joan ziren aitzindarietatik hasi eta gaur egun arte, hamaika lanbidetan eta gizartearen maila guztietan jardun izan dira Amerikako Mendebaldeko euskaldunak eta, zer esanik ez, haien ondorengoak, baina hala ere haiei buruzko ondare idatzi gehiena artzainen ingurukoa da. Oso gutxi idatzi da Idahoko harginez, Kaliforniako letxero eta baratzezainez, euskal ostatu eta hoteletako etxekoandre eta neskameez. Euskaldun gehienak hasieran behintzat artzaintzari lotzen zitzaizkiolako izan da hori horrela; baina baita haien bizitza apartekoagatik ere. Gizartearen bazterrean bizi izan den artzainaren bizimodua antzinatik izan da gogoko gai poeta, musikari eta pintoreentzat.

[Desde os pioneiros buscadores de ouro até hoxe en día, os vascos do oeste americano e mais os seus descendentes dedicáronse a multitude de traballos e tiveron presenza en todos os niveis da sociedade americana; con todo, a meirande parte do legado escrito sobre eles refírese á actividade pastoril. Escribiuse ben pouco sobre os canteiros de Idaho, os leiteiros e agricultores de California, as mulleres vascas empregadas en tabernas e hoteis. A razón disto foi que, cando menos nun principio, a maioría dos vascos se dedicaron ao pastoreo, malia ter tamén algo que ver o seu especial modo de vida. A actividade do pastor que vive á marxe da sociedade foi desde antigo un dos temas preferidos de poetas, músicos e pintores.]

O caso de *Garmendia eta zaldun beltza*

Nesta primeira entrega da serie Garmendia, o seu protagonista vese envolto no asasinato dun matrimonio de Wild Rose, e, cando o culpan do crime, ten que fuxir e buscar acubillo no medio do

deserto, pero pronto é capturado polos homes do malvado alcalde Harry Garbi e condenado á forca. A súa grande amiga Fanny consegue liberalo e agóchao de xeito provisional no Sirena Saloon, que ela mesma rexenta. Tras varias peripecias, Garmendia e o seu fiel amigo Amalio baten co xinete negro, quen resulta ser un curmán de Garmendia, e que lles relata que coñeceu unha testemuña que exculpa a Garmendia do asasinato do matrimonio de Wilde Rose. Ao cabo, o alcalde Harry Garbi é detido e acusado de urdir o asasinato e intentar culpar del a Garmendia.

Como se pode comprobar, Kirmen Uribe elixe un xénero de aventuras, o *western*, para debutar no campo da literatura infantil. Non obstante, o autor sabe moi ben que os lectores actuais (sobre todo os mediadores) dificilmente aceptarían ver rexurdir un xénero desusado desde hai un bo número de décadas. Dito doutra maneira, hoxe en día ninguén lle daría creto a unha narración do xénero do *western* nos seus parámetros clásicos.

Por esa razón, Uribe, amosando as súas calidades como narrador, acordou relatar as historias do seu Garmendia cun aceno que se traduce nun travestismo paródico de trama e personaxes (igual que máis de dez años antes fixera Anjel Lertxundi dentro do xénero de detectives con Madame Kontxesi, unha ama de casa que decide converterse en detective porque o seu número de teléfono é moi parecido ao da policía e recibe numerosas chamadas pedindo auxilio).

Para isto, fai unha integración de xéneros que o leva a algo parecido ao que Zohar Shavit denomina "texto ambivalente", e que se basea na integración de varios modelos textuais previos e facilmente identificábeis polo lector experto; algúns deses modelos son estruturais e son empregados para vertebrar os relatos, mentres que outros son secundarios. Para a formación de tales textos ambivalentes, a profesora Shavit (1986: 68) fala de dous modelos principais:

> What makes possible the appeal of the ambivalent text to two groups of readers from the structural point of view is the fact that the text is composed of at least two different coexisting models –one, more established, and the other less so. The former is more convencional and address the child reader; the

> other, addressing the adult reader, is less established, more sophisticated, and sometimes based on the distorsion and/or adaptation and renewal of the more established model. This is accomplished in several ways: by parodyin some elements; by introducing new elements into the model (sometimes from another established model); by changing the motivation for existing elements; by changing the functions and hierarchy of elements; or by changing the principles of the texts's segmentation.

O primeiro dos modelos que integra Kirmen Uribe na súa serie sobre Garmendia, que coincidiría co que Shavit chama o "máis estabelecido" ou convencional, perfectamente coñecido e identificábel polo lector infantil, é o de "aventuras", no que un heroe loita contra as adversidades que o asaltan no camiño e sae finalmente vitorioso.

O segundo modelo, recoñecíbel con facilidade polo público adulto pero que o lector infantil apenas coñece, é precisamente o do *western*. O mediador, quen se cadra pasou moitas horas da súa infancia consumindo *western*, ben por medio da lectura de novelas de "vaqueiros", ben como espectador de moitos dos máis importantes filmes do xénero (e é precisamente o cinema, con directores como Raoul Walsh, Howard Hawks, John Ford, Anthony Mann, John Huston etc., o que dota este xénero de relevo canónico), non aceptaría a volta a este xénero cun tratamento serio. Porén, recoñece a parodia e o seu humor subsecuente, e é quen lle outorga á obra o *placet* como lectura infantil, primeir paso cara á canonización dentro da LIX.

As distorsións paródicas do segundo modelo mencionado son, evidentemente, a substitución do apolíneo heroe de *western* por un protagonista dionisíaco e sensíbel, mesmo amante da poesía. Kirmen Uribe, ao comezo do relato, descríbeo deste xeito:

> Gizon handia zen Garmendia, kankailua. Ehun kilotik gora izango zituen. Aurpegia biribila zuen, begiak argiak. Ile leun-leuna zuen, haur baten modukoa. Isila zen eta lotsatia, beharbada ardiak zaintzen bakarrik emaniko urteek halakoxea egin zuten (Uribe, 2003: 15-16).

> [Garmendia era un home mangallón, de máis de cen quilos de peso. Tiña a cara redonda e os ollos claros. O pelo, moi suave, coma o dun cativo. Era calado

e temesiño, talvez por mor dos anos que pasara coidando ovellas en completa soidade.]

A Garmendia pérdeo a súa afección pola comida, razón pola que foi capturado:

Gose txarrekoa zen Garmendia, eta poltsan zeraman txingarra frijitua jan nahi zuen. Amaliok ezetz esaten zion, hobe zela sustrairen bat jatea, txingarra egiteko sua piztu behar baitzuten. Eta suaren keak laster baino lasterrago salatuko zuen haien kokagunea. (...) "Ezin da surik egin, ezin da surik egin", esaten zuen Amalioren ahotsa jarriz. "Sustraiak janez eutsiko diet ehun eta hogei kilo haiei, bai. Sustraia basurdeentzat. Niretzat okela. Su txiki batek ez du inolako kalterik egiten eta" (ibid.: 32-33).

[Garmendia non aturaba estar famento, e quería fritir a carne que levaba na bolsa. Amalio dicíalle que non, que era mellor comer unhas raíces, que para facer a carne había que prender o lume. E o fume axiña revelaría a súa posición. (...) "Non se pode facer lume, non se pode facer lume", dicía arremedando a voz de Amalio. "Comendo raíces vou termar destes cento vinte quilos, xa. As raíces para os xabarís. Eu quedo coa carne. Por un lume pequeniño non vai pasar nada".]

En calquera *western*, por paródico que sexa non pode faltar o *saloon*, por máis que os lectores infantís non pasen de identificalo cun simple bar. Na obra de Uribe aparece descrito como "herrialde hartako bekatarien habia" [niño de pecadores daquela vila] e "Bizitza desordenatuko jendea besterik ez zen biltzen hara" [onde só se reunían xentes de vida desordenada] (ibid.: 47). Máis adiante, cando Garmendia e Amalio se disfrazan de mulleres do *saloon* para enganar os que andan na súa procura, prodúcese a seguinte conversa:

–Nondik atera dira bi hauek, ez ditugu ezagutzen –esan zuen Ratek, eta Garmendiarengana hurbildu zen.
–Handiak ditut gustuko nik –esan zion Garmendiari belarrira, eta ipurditik heldu zion–. Ez al duzu hitz goxirik Rat zaharrarentzat?
–Berriak dira. Gaur bertan iritsi dira hirira. Zuzenean Parisetik etorri dira, eta ez dizute hitz bakar bat ere ulertzen –esan zuen Janetek Raten eta Garmendiaren artean jarrita.
–Erakutsiko diot nik ondo gure hizkuntza datorren asteburuan –esan, eta handik alde egin zuten biek, ateari danbatekoa emanez (ibid.: 56-57).

[–De onde saíron estas dúas? Non as coñecemos –dixo Rat, achegándose a Garmendia.
–A min gústanme as grandes –díxolle a Garmendia á orella, e agarroulle o cu–. Non tes ningunha palabra bonita para o vello Rat?
–Son novas. Acaban de chegar directamente de París, e non che entenden nin palabra –dixo Janet, colocándose entre Rat e Garmendia.
–Xa lle aprenderei eu ben o noso idioma a fin de semana que vén –dixo Rat antes de marchar batendo a porta con forza.]

Outras caracterizacións paródicas que reflicten un *western* crepuscular e dotan de certo humor o relato son, por exemplo, a referencia, tamén baseada en feitos reais, ao circo ambulante que montou Buffalo Bill logo da masiva caza de bisontes e a cruzada contra os indios, case o único lugar onde se podían atopar peles vermellas de verdade. Noutra pasaxe, Garmendia e Amalio cadran no tren cun personaxe elegantemente vestido que percorre o país comprando campos de petróleo, que resulta ser nin máis nin menos que Rockefeller. Trátase de referencias dirixidas ao lector adulto, co obxectivo de que o sancione como texto canónico. Como afirma Shavit (op. cit.: 70), é irremediábel que o lector infantil, afeito a modelos sinxelos, non comprenda na súa totalidade certos niveis textuais.

Así mesmo, cando o xinete negro recoñece a Garmendia e se decata de que é o seu curmán, confésalle que:

Badakizu, orain ez du balio soilik lapurra izateak. Orain norberaren irudia ere saldu egin behar da. Hargatik beltzez janztearena, zilarrezko ezproinena eta huskeria horiek guztiak. Mitoa sortzeko halakoak egin behar ditugu lapurrok. Zenbat eta entzute handiagoa, orduan eta izu handiagoa sortzen da jendearen artean. Lehenengotik ematen dizute dirua, eta kito. Ez da arazorik izaten. Azken urteotan ez dut tiro bakar bat ere bota (…) Orain dena dago espektakuluaren menpe, baita lapur ziztrin hauxe ere (ibid.: 83).

[Ben, agora xa non vale ser un simple ladrón. Agora cómpre vender unha imaxe. De aí o de me vestir de negro, as esporas de prata e todas esas babecadas. Son cousas que hai que facer para crear o mito. Canto máis coñecido sexas, máis medo provocas na xente. Danche os cartos de primeiras e xa está. Sen problemas. Estes últimos anos non disparei nin un só tiro (...) Agora todo está ao servizo do espectáculo, mesmo un insignificante bandido coma min.]

Por outra banda, os lugartenentes de Harry Garbi son unha parella de facinorosos, chamados Rat e Bat polas súas actividades e polo seu aspecto: Rat era gordo e tiña dous longos incisivos; Bat era estransillado e tiña as orellas aguzadas. Tanto polo xogo dos seus nomes, como polas breves e convencionais conversas que manteñen entre eles, lembran outras parellas cómicas da literatura, o cinema ou a televisión, como Tweedledum e Tweedledee, de Lewis Carroll; Laurel e Hardy; os ratos Pixie e Dixie, dos Estudios Hanna-Barbera; os policías da serie de Pippi Calzaslargas, Kling e Klang etc.

Precisamente as referencias intertextuais e os xogos metanarrativos son outra das características que dotan da complexidade e da sofisticación á que se refería a profesora Shavit. Alén dos xa citados, atopamos varios textos inseridos no corpo principal en forma de poemas, algúns deles pertencentes a autores famosos: cando o narrador explica a razón pola que Fanny lle puxo o nome de "Serea" ao seu *saloon*, fala dun poema bordado sobre unha tea branca e enmarcado en madeira, que preside a barra do local, obra dunha moza tímida que Fanny coñeceu na localidade de Amhesrt, chamada Emily Dickinson.

Entre a curiosa galería de personaxes que traballan no *saloon*, destaca un cociñeiro oriental chamado Xi, que en chinés significa poema. Puxéronlle tal nome porque ten o costume de encher a pasta con papeis que conteñen poemas da tradición chinesa.

Por outra parte, algúns recursos narrativos de Uribe recordan outros empregados por Bernardo Atxaga. Por exemplo, o nome do alcalde de Clean City, Harry Garbi [Harry o Limpo], co seu xogo entre o inglés e o éuscaro, amosa claras reminiscencias co do vaqueiro dos filmes que máis lles gustan aos pitos de *Txitoen istorioa* (Atxaga, 1983: 19), Bakarty James [James o Solitario]. Outro exemplo é o da estrutura dalgunhas sentenzas, como: "gure hizkuntzan ongi hitz egiten ez digunaz mesfidati izaten gara beti, gu baino gutxiago dela pentsatzen dugu" (Uribe, op. cit.: 16) [sempre mostramos desconfianza cara a quen non fala ben a nosa lingua, pensamos que é menos ca nosoutros]; inseridas dentro dunha narración en pasado, aparecen ante nós en presente, como verdades eternas. É, xa que logo, o

mesmo recurso utilizado por Atxaga coa vaca Mo, a protagonista de *Behi euskaldun baten memoriak* (*Memorias dunha vaca*), outra grande amante da poesía, dito sexa de paso. Cito a que quizais sexa a súa sentenza máis famosa:

> Benetako behi izan nahi duenari nahitaezkoa zaio desertua, nahitaezkoa zaio mundutik urrutiratu eta hondarra besterik ez dagoen erresuma mortuan bolada bat egitea" (Atxaga, 1991: 85).
>
> ("Unha vaca que queira ser vaca de verdade, e non unha vaca parva, acabará por se atopar no deserto; non conseguirá cumpri-los seus desexos sen antes coñecelo amargo reino que, lonxe deste mundo, só lle pode ofrecer area") (Atxaga, 1999: 72).

Conclusións

A xeito de conclusión pode afirmarse que a emigración vasca aos Estados Unidos de América se está a converter nun tema cada vez máis estudado e, asemade, nunha fonte de inspiración para a literatura vasca en xeral e para a súa literatura infantil e xuvenil en particular.

Por outra parte, parece confirmarse a hipótese dos estudos sistémicos no sentido de que a literatura infantil é, decote, unha porta de acceso cara á narrativa dirixida ao público en xeral para autores que proveñen doutros xéneros como, no caso de Kirmen Uribe, a poesía.

En terceiro lugar, tamén se confirma para o caso vasco a hipótese, igualmente proveniente da Teoría dos Polisistemas, de que determinados xéneros marginados á periferia do sistema literario poden chegar a ser de novo centrais, neste caso no sistema da LIX, por medio do cambio de función dalgúns dos seus elementos, case sempre por medio da parodia.

Por último, queda claro que a introdución no relato de repertorios sofisticados, como a parodia, a ironía, a intertextualidade ou a metanarración, ten grande importancia para a canonización dunha determinada obra por parte dos mediadores, malia que o lector infantil non poida acceder á comprensión cabal dos mesmos.

Bibliografía citada

Aldekoa, Iñaki (2004), *Historia de la literatura vasca*, Donostia: Erein.

Atxaga, Bernardo (1983), *Txitoen istorioa*, Donostia: Erein.
— (1991), *Behi euskaldun baten memoriak*, Iruña: Pamiela.
— (1999), *Memorias dunha vaca*, trad. Valentín Arias, Vigo: SM.

Garikano, Asun (2009), *Far Westeko Euskal Herria*, Iruña: Pamiela.

Shavit, Zohar (1986), *Poetics of Children's Literature*, Athens/Londres: The University of Georgia Press.

Urquizu, Patricio (2000), *Historia de la literatura vasca*, Madrid: UNED.

6.14. *Orballo da mañá...* ou a odisea da inmigración a Europa, de David D. Vázquez Álvarez[48]

Isabel Mociño González
(Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

Resumo: David D. Vázquez Álvarez é un escritor serodio que en poucos anos achegou á Literatura Infantil e Xuvenil galega novelas que recrean diferentes momentos da historia, desde o Paleolítico, pasando pola Idade Media até a época máis actual. En cada unha das súas obras abrolla un fondo sentido da xustiza, da igualdade e da convivencia en harmonía dos pobos, cunha especial atención ao papel das mulleres. Estes elementos están presentes en *Orballo da mañá...*, que aborda con gran sensibilidade o drama da inmigración ilegal entre o norte de África e o sur de Europa, dándolles voz aos miles de persoas que no seu afán por buscar un futuro mellor arriscan as súas vidas e se enfrontan a un mundo descoñecido, no que non sempre son ben tratados.

48. Il. José Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, 2006.

Palabras chave: África, inmigración, interculturalidade, viaxe.

Abstract: David D. Vázquez Álvarez is a late writer who provided Galician Children and Young Adults' Literature with novels that recreate different moments in history, from the Paleolithic and the Middle Ages to a more current era, in just a few years. In each of his works we can find a deep sense of justice, equality and a harmonious coexistence of the different peoples, also paying special attention to the women's role. These elements are present in *Orballo da mañá...*, a work the addresses the immigration drama between the North of Africa and the South of Europe with great sensitivity. This is also a work where the author gives voice to the thousands of peoples who, in their search for a better future, risk their lives and confront an unknown world where they are not always well-treated.

Keywords: Africa, immigration, inter-culturality, journey.

Na Literatura Infantil e Xuvenil galega a temática da emigración é un dos asuntos que aparece, aínda que sexa como pano de fondo, en numerosas obras dirixidas a este lectorado desde os anos sesenta[49], sen dúbida por tratarse dun feito que ten condicionado o desenvolvemento da sociedade galega desde hai séculos. Isto fixo que a perspectiva predominante fose a dos que marcharon da súa terra ou a dos que, quedando aquí, agardan o seu regreso. Porén, a partir da década dos noventa os creadores comezaron a facerse eco das vivencias de persoas que chegaban desde outras culturas ou entraban en contacto coa nosa, mudándose así a perspectiva do migrante e retratando outras realidades sociais e culturais, nunha clara descentralización das tradicións dominantes do mundo literario, como se apunta no

49. Pénsese, por exemplo, no "Ciclo do neno", de Xosé Neira Vilas, triloxía formada por *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977), nas que a temática da emigración está moi presente, tanto desde o punto de vista dos que marcharon, coma dos que ficaron na aldea.

estudo introdutorio, ao recrear unha nova ollada, a que leva a centrar o interese desde o propio, a identidade galega, cara ao Outro. Un cambio de perspectiva que aproxima o lectorado novo a realidades distantes e sociedades que, como a galega, viven situacións de supeditación ou sometemento, converténdoas en elementos de alteridade a través das que mirar cara a nós mesmos, analizar a sociedade na que vivimos e situar o Outro[50].

Unha nova perspectiva na que, sen dúbida, a inmigración ilegal entre o norte de África e o sur de Europa tiña que pasar a ser unha temática central, dado que é asunto que cada día aparece nos medios de comunicación, tanto polas chegadas masivas de inmigrantes, coma polos naufraxios que padecen durante a travesía do Estreito de Xibraltar ou os intentos por saltar o aramado que separa as fronteiras do sur con territorios europeos como Ceuta ou Melilla. Isto debeu pensar un descoñecido creador nos primeiros anos do século XXI, David Daniel Vázquez Álvarez (Arcos de Valdeorras, Vilamartín, Ourense, 1953), un mestre de Ensino Primario que colaborou nos anos oitenta con Nova Escola Galega e ten participado en numerosos certames literarios e concursos de contos, novela e poesía[51], ademais de adaptar para a escola obras para representar o seu alumnado baseadas en contos populares. Autor serodio na publicación de obras xuvenís, en 2005 deu ao prelo *O ruliño branco* (ASPG Vagalume), un libro de relatos e contos, ao que lle seguiron tres novelas ambientadas en diferentes momentos da historia e publicadas por Baía Edicións, que son *Orballo da mañá* (2006), centrada na inmigración cara a Europa desde África; *Améndoas e flores silvestres* (2008), am-

50. Pódense consultar traballos críticos sobre esta temática no volume monográfico *Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil* (2006), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Pedro Lucas Domínguez, ilustrado por Carmen Franco Vázquez e editado por Edicións Xerais de Galicia/LIJMI/Fundación Caixa Galicia.

51. Gañou en 1985 o Primeiro Premio no II Certame de Poesía A Ouceira, Val do Incio (Lugo), co poemario *Ribeirán do Sil*; e en 2008, o Primeiro Premio doVII Certamede Relato Curto "José Saramago", convocado pola Asociación de Bibliotecas de Santiago de Compostela coa obra *Laio na serra*.

bientada nas aventuras que viven uns mozos no século XI; e *Ninguén nace antetempo* (2010), na que se remonta á prehistoria para recrear a loita das mulleres por acadar a igualdade cos homes en diferentes clans.

A inquietude e interese pola igualdade de xéneros e as perspectivas femininas son unha das constantes da súa obra[52], presentes tamén en *Orballo da mañá...*, na que aparece xa desde a propia dedicatoria, dirixida á súa primeira lectora, Esther, e na que propugna unha visión integradora da sociedade, ao ser para "todos os que desexamos que no noso mundo caiban todos os mundos". En ambos os epígrafes adiántanse os eixes da obra, unha novela para o lectorado mozo estruturada en vinte e tres capítulos breves e narrada por Nadia, unha nena que vive nas portas do deserto en Marrocos, quen, a través do recurso ao diario, conta en primeira persoa as súas vivencias desde uns días antes de cumprir os doce anos até a súa chegada ao sur de España coa súa familia, despois dunha esgotadora viaxe en mans das mafias que controlan o tráfico ilegal de persoas. Unha experiencia arrepiante na que se contrapón o mundo coñecido que abandona con aquel ao que chega, nunha viaxe física e emocional que representa a odisea que desde hai anos viven milleiros de persoas, atraídas por unha suposta "terra prometida" na que labrarse un futuro mellor.

O universo infantil de Nadia: entre a permanencia e o desexo de coñecer

Nadia vive coa súa nai, o seu avó Ismael e o seu irmán Naír nun poboado á beira do deserto que antano albergou a máis de cincocentas persoas, das que agora só quedan medio cento, porque "todos se foron marchando de aquí, fuxindo da fame, da miseria, das febres...!"

52. Mesmo na narrativa para adultos, como a novela *Na solaina* (Baía Edicións, 2008), na que recrea a vida dunha muller nacida nos inicios do século XX que viu frustradas as súas expectativas vitais pola emigración dos seres queridos e pola guerra.

(p. 13), por iso os poucos mozos que quedan desexan ferventemente seguir o mesmo camiño, aquel que levou o seu pai a emigrar á cidade e o seu tío, a Europa. Fronte a esta percepción, Nadia defende unha postura contraria, aferrada á súa terra e ás súas orixes, un lugar que define por carecer de horizontes, no que non se divisan os límites, onde se sente libre e por iso "Non sinto esa necesidade que lles escoito aos nenos maiores e, mesmo, aos mozos de que se senten afogados, angustiados, oprimidos..." (p. 37), desexosos de marchar cara ao norte na busca da felicidade e un futuro mellor. Un afán por fuxir que critica abertamente tamén o ancián avó Ismael, a voz da experiencia, que tenta facer reflexionar os máis novos, conseguir que recapaciten e loiten desde a súa propia terra, como fai co seu fillo Saíd, ao que lle explica que pode ser feliz sen emigrar porque "a felicidade, meu Saíd, é a paz da nosa terra, o orgullo de sentirse dono de todo o que nos rodea, do que é noso. A felicidade é o silencio da noite, é o resplandor da lúa, é a auga limpa e transparente da poza do oasis..." (p. 95).

Entre ambas as perspectivas contrapostas, os que desexan marchar e os que queren permanecer, asenta o retrato social que se desenvolve ao longo da obra e ante o que a protagonista toma unha posición persoal, marcada polo fondo sentimento de pertenza e a toma de consciencia da grande importancia da familia, cunha especial relevancia para a figura do seu avó Ismael, quen coas súas ensinanzas lle indica o camiño a seguir, malia que a súa curta idade lle impide comprendelo, até que durante a súa primeira viaxe á cidade: "Decateime de que estivera a facer o que sempre fixo: ensinarme o camiño pero eu non quería atravesar nunca aquela montaña, polo que as súas palabras producían un fondo desacougo na miña alma" (p. 91). Este rexeitamento a abandonar o que coñece está motivado tamén polo feito de que ao seu redor oe falar dos desprezos e penurias do seu pobo, transmitidos por persoas relevantes como o mestre Karim, que lles conta historias sobre a sorte que viviron outros emigrados, entre eles o mozo Jo. Unha historia dentro da historia, que serve para recrear, a modo de parábola, o sufrimento, a anguria e a soidade que

padecen moitos inmigrantes que abandonan a súa terra na busca dun futuro mellor, o que en moitos casos acaba, como no de Jo, no fracaso e a morte, xa sexa durante a viaxe, xa no lugar de destino por unha agresión racista.

Tanto o mestre coma o ancián avó Ismael representan a experiencia fronte ao ímpeto dos novos. Eles son homes intelixentes, pacientes e comprensivos, que entenden en silencio as razóns que levan os mozos a tentar cambiar a situación na que se atopan, aínda que non por iso calan a realidade á que se ven abocados. Nas súas palabras sabias advírtenlles que

> Alí, onde queres ir non é o paraíso que imaxinas. Eu xa sei que pode máis o impulso da novidade, e da esperanza do que todo o que a experiencia che poida explicar. Pero isto non é unha sensación nova. Non é de agora. Vén sendo a lei da nosa terra desde sempre. Eu non o acepto pero podo comprendelo porque a min me pasou o mesmo (p. 110).

Esta confrontación de perspectivas que percibe ao seu redor produce en Nadia sentimentos encontrados, pois se primeiro se reafirma na súa decisión de non abandonar nunca a súa terra seguindo as sabias palabras do avó, ao pouco tempo séntese culpábel de ter ganas de ir coñecer o mundo, porque: "Penso que estou traizoando os meus, o avó, os devanceiros, a miña terra de sempre" (p. 118), en definitiva o seu mundo coñecido. Porén a súa xuventude fai que se autoconvenza e xustifique polo dereito a soñar con coñecer esa outra terra da que todos falan e que

> por máis cousas dela que o avó me conta, non dou sequera imaxinado... de como serán esas cidades, segundo el moitísimo máis grande que Zagora, ese mar que din que non ten fin. Todo alí debe ser tan fermoso! Ten que selo para, como se dunha ninfa encantada se tratara, atraer cara a ela a tantas xentes do meu país, que son capaces de deixalo todo, todo... por ela, con ese canto de serea que non se escoita nada máis que no fondo do corazón ou, talvez, na imaxinación... (p. 119).

Unha chamada que impulsa a súa familia, fundamentalmente o seu pai, a lanzarse á súa particular odisea, abandonando un poboado

no que xa apenas hai nacementos –"O último neno que viñera ao mundo aquí era o meu irmán Naír, e xa vai para sete anos" (p. 103)–, onde o doutor está a catro días en camelo, a auga teñen que ila buscar ao pozo do oasis nun bidón e un vello camión lles leva axuda humanitaria nos primeiros días de cada mes, o que pon fin, de modo temporal, ás necesidades e á fame, ao proporcionarlles "paquetiños de arroz, de garavanzos, de fabas, de fariña de millo, de saborosas latas de peixe en conserva que tanto nos gustaban" (p. 14), aínda que sobre esta axuda ameaza sempre o medo a que un día non chegue.

Precariedade, miseria e sufrimentos que permanecen ocultos aos ollos dos occidentais que viaxan a estas terras, os cales ignoran o que ocorre en poboados como o de Nadia e tamén os nenos que coma Naír "leva todo o día baixo das palmeiras de xunto á estrada co seu cesto de dátiles, tentando venderllos aos turistas que pasan camiño das dunas, nas caravanas de camelos ou nos luxosos autos que veñen, algunha vez a gran velocidade, preto do poboado e nunca se deteñen" (p. 22). Os mesmos que como afirma Nadia, "prefiren esas latas quentes de cores que traen gardadas e despois deixan tiradas, cando non lles serven, na beira da pista de barro e area..." (p. 23) e nunca falan con eles, "nin sequera en francés, que moito non pero algo entendiamos. Para iso o mestre nolo ensinaba na escola" (p. 45).

Dous mundos paralelos que entran en contacto no momento en que unha familia de turistas españois sofre unha avaría no coche e, aínda que temerosos, teñen que aceptar a axuda dos habitantes do lugar. É así como se coñecen Nadia e Lisa, ambas da mesma idade pero integradas en sociedades moi diferentes, como se pon de manifesto desde este primeiro encontro, tanto polo aspecto e desenvolvemento físico ("A min antollábaseme imposíbel que fose do mesmo tempo ca min: se parecía unha moza, forte, alta, de pelo rizado e pel branca! Eu pensara que tería dezaseis anos ou máis... se cadra", pp. 47-48), coma polos coñecementos xerais ou as tradicións nas que medraron. Estes e aínda outros detalles non lle pasan desapercibidos a Nadia, que observa o medo e temor que os estranxeiros amosan nun primeiro momento, pois malia a amabilidade demostrada pola xente

do lugar, eles "non podían, por máis que tentaban, disimular a súa forte inquietude ao sentírense en terras estrañas, entre xentes que non coñecían e, por riba, tan afastados de todo..." (p. 46). Un medo que só superarán despois de permanecer uns días no poboado, o que lles permite ir descubrindo un pobo tremendamente solidario, en parte por atoparse nun hábitat moi inhóspito e onde rexe o deber de axudar sempre a todos. De aí que non dubiden en compartir cos estranxeiros o pouco que teñen, até o punto de poñer en risco a súa propia sobrevivencia, por facer uso daquilo "que, ben racionado, chegaría para nós até que volvese outro cargamento de axuda" (p. 77). Non obstante, se a familia se ve comprometida pola carga que supón manter tres persoas máis, "algúns veciños traerían do seu, en canto o soubesen, e se o tío nos levaba ata a cidade, malo sería que non puidesen mercar algo" (p. 77). Unha solidariedade e entrega que demostra tamén Nadia, ao afirmar que ela renunciará á súa parte de comida durante o mes do ramadán para que "a miña nai e o avó tivesen máis ración pola noite [...]. A eles si que lles facía boa falta! (p. 77). Esta capacidade de entrega é observada polos estranxeiros, conscientes do egoísmo que impera na sociedade da que proveñen, por iso marchan valorando que "o que máis lle gustara destas terras era o boa que era esta xente, o ben que os acolleramos nós, como se fosen da familia e que, no seu país, non era así nin moito menos" (p. 98).

Á solidariedade como valor garante da supervivencia, engádeselle o orgullo do que son como característica definidora deste pobo descendente de nómades, sentimento transmitido de xeración en xeración e ao que apelan en reiteradas ocasións. A dignidade individual é un valor colectivo, unha actitude vital que guía os seus actos, como pon de manifesto o avó Ismael ante o seu fillo antes de que emigre de novo, lembrándolle que:

> O noso pobo sempre estivo orgulloso das súas orixes e da súa lingua, desde os tempos da prehistoria. Isto, débelo ter sempre presente, en todas as accións da túa vida por aí adiante, lonxe das túas xentes e do teu país [...] Os nosos antepasados eran bérberes, mouriscos... nunca bárbaros! –levantou un chisco a súa voz. Non debes permitir que nunca te chamen por ningún xeito deses que acabas de dicir! (p. 99) [...].

> Cando marches e cruces o gran Atlas, cando nos deixes atrás, recorda que somos un pobo orgulloso de seu, das nosas linguas, dos nosos costumes, das nosas relixións... (p. 101).

Senten que son herdeiros dun pobo que foi moi grande, ao que levan no corazón e do que nunca renegan, conscientes de que as súas xentes foron capaces de abrir as rutas de comercio dos países do sur. Por iso, malia a situación de necesidade que viven, albergan a esperanza de que algún día abrirán tamén as portas do norte para vivir nunha sociedade máis igualitaria, coma a que inauguran coa súa amizade Nadia e Lisa, a nena do deserto e a chegada de España, porque "O mundo é un só. E así foi feito... talvez chegue un día no que a amizade, como esta nosa, se estenda de norte a sur, desde onde nace o sol ata onde se pon" (p. 220). Mentres ese día non chega, na sociedade á que aspiran chegar e pola que arriscan as súas vidas só lles ofrece "unha vida errante, escravizada, explotada, humillada, enganada, vilipendiada... Iso é o que atopan case todos os que marchan! E moitas veces sen volta!" (p. 111). Unha dura realidade que terán que padecer nas súas propias carnes cando chegan a España despois da dura viaxe de quince días, sen posibilidades de traballar, sen coberturas médicas e dependendo, tamén aquí, das axudas que organismos non oficiais lles proporcionan para a súa supervivencia, desde roupa vella, pasando por mantas, algúns alimentos e unhas poucas moedas, "As esmolas de sempre, igual que no poboado! Sempre esmolas!" (p. 180).

O papel das mulleres

A narradora-protagonista comeza o relato uns días antes de que se celebre unha festa na súa honra con motivo do seu décimo segundo aniversario. Unha idade que para a súa cultura marca o abandono da infancia e o paso á vida adulta, feito que ten implicacións inmediatas, como detentar unha nova consideración social, adquirir novas obrigas (rezos, axudar nos labores domésticos, pensar na posibili-

dade dun matrimonio amañado...) ou mesmo asumir cuestións que non lle gustan, pero que acata e a fan máis consciente do papel que lle está reservado como muller. Un cambio social que precisa tempo para ser asumido, porque malia que: "Agora que xa son muller, como todos din, deberíame ver doutra maneira pero este vello cristal non se deixa enganar e ségueme amosando coa mesma expresión infantil, cos mesmos cabelos escuros, cos ollos saltóns e coa faciana cheíña de pencas" (p. 28).

Esta imaxe persoal constrasta coa consideración social e as obrigas que xorden ante o seu novo status, pois son as mulleres as que aparecen como elementos sustentadores da familia, da sociedade e das tradicións. Elas son as encargadas de criar os fillos, mentres os maridos están ausentes; de recibir a axuda humanitaria e repartila, ir buscar auga ao pozo do oasis ou de construír os ladrillos de adobe para reparar os estragos das chuvias nas casas que habitan, un labor colectivo no que unhas "escavan no chan para sacar o barro, outras carrexan a auga, outras pisamos a mestura feita con palla. As demais colocan a masa nos moldes" (pp. 41-42).

Un universo feminino restrinxido ao doméstico que asenta na tradición e os costumes e no que elas son as transmisoras dos sentimentos e valores que se plasman nalgúns elementos cargados de simbolismo, como o gran pano branco con flores bordadas a man que se coloca nas ocasións especiais e que vai pasando de xeración en xeración. Un elo que as liga desde tempos inmemoriais e no que cada muller deixa a súa pegada en forma de bordado, para o que Nadia xa sabe que vai facer, porque: "a miña nai engadíralle aos bordados unha greca azul todo ao redor. Eu cando o herdase, encheríao de bolboretas multicolores, o meu animal favorito" (pp. 37-38). Outro elemento simbólico é pintura de mans e pés, coas que se invocan a abundancia que desexan para a súa familia e a pureza que se agarda que as acompañe durante toda a vida, ademais de ser un símbolo de ledicia que só se emprega en ocasións moi especiais, como os casamentos ou como signo de amizade, representada tamén polos dentes de leite que Nadia garda e cos que agasalla a Lisa no momento da súa

partida e a Soraia, a súa mellor amiga no poboado, cando emprenden a viaxe cara a Europa.

Como transmisoras da tradición, as mulleres son as responsábeis de impoñer o nome a cada novo membro da familia, dado que é a avoa a que, ao pouco de nacer, coloca "os nomes de todos os antepasados da familia escritos nuns brancos pauciños ben secos, nun pequeno círculo e a nai do bebé, cos ollos totalmente tapados, escollería un que lle sería o nome para toda a vida" (p. 104).

Pola contra, fóra do universo doméstico, a nivel social, as mulleres seguen supeditadas aos homes, como demostra o feito de que a nai de Nadia, Aisha, é considerada "case unha viúva!" (p. 29) pola ausencia do seu marido, situación á que alude cando este lle comunica que decidiu marchar a Europa para gañar diñeiro e sacar á familia da situación de necesidade na que se atopa. Ante esta posibilidade Aisha mantense firme e advírtelle que non vai seguir sendo unha viúva, polo que toda a familia viaxará xunta: "Nós tamén imos. Se temos que perdelo todo, perderémolo, pero, cando menos, estaremos xuntos. Non quero seguir viúva por máis tempo, contigo sempre lonxe, antes na cidade, agora en Europa... Cada vez máis lonxe!" (p. 113). Unha firmeza que sorprende, pois como apunta a propia Nadia, "por primeira vez, puiden comprobar que ela non estaba disposta a facer o que el dicía" (p. 114), e que manterá nos momentos máis delicados, cando xa están en España e o pai non logra que lle dean traballo en ningún sitio. É entón cando:

> Aisha non se deixa derrubar! É como a torre da mesquita: sempre en pé, aguantando a choiva, o vento e o sol... Sempre como unha rocha! Cando o meu pai semella afundido, emerxe nela a forza escondida e... Que doado lle resulta facelo...! A forza que herdou do avó é quen de mover as montañas (p. 194).

Esta fortaleza choca coa reveladora concepción cultural que predomina sobre as mulleres entre os familiares da protagonista, a cal se pon de manifesto no momento do nacemento dunha nova irmá: "Naceu a Dunia, a miña irmá, tal e como eu quería aínda que, segundo todos, era mellor que fose un home. Ás mulleres tócanos máis sufrimento, máis prantos, máis dor, máis noites en vela, máis aban-

donos, máis esperas.... Sempre estamos esperando!" (p. 197). Ben é certo que a sociedade experimentou cambios neste sentido, pois agora o nacemento dunha filla xa non é sinal de mala sorte e a esperanza dun futuro prometedor en liberdade é agardada para homes e mulleres, pois "eles non terán que fuxir como o fixemos nós porque esta é a terra que irán construíndo e... será deles" (p. 199).

Percepción do lugar de chegada: entre o rexeitamento e a indiferenza

A narración da viaxe resulta moi reveladora das precarias condicións nas que se produce o tráfico de persoas, o abandono ao que son sometidas e as duras condicións da travesía marítima. Superada esta dificultade, a vida non resulta tampouco doada para quen chega sen nada ao desexado norte, onde semella que os inmigrantes están predestinados segundo a súa orixe, tal e como sinala Saíd, ao afirmar que:

> as humillacións están ben catalogadas. Hainas para todos os gustos, para negros, para orientais, para africanos, para mulatos... e para cada un de nós hai case uns traballos específicos que tamén están ben organizados, que si a recolleita, a limpeza de fogares, a prostitución... Cada un que chega, tendo en conta o seu lugar de orixe, xa sabe ben para que vai... (p. 73).

Para eles está reservado o duro traballo nos invernadoiros, como o tío Saíd, que se encarga de dar os praguicidas, ou no porto, onde o seu pai carga caixas todos os días da semana, ou coidando nenos, como a súa nai, mentres os seus propios fillos permanecen na casa coidando uns dos outros. Porén, máis ca a ausencia dos pais, máis ca a dura vida de traballo que levan, o que máis lles doe é a falta de integración ("Nun recocho, sentados a carón do muro de pedra, estaba unha morea de nenos e rapazas coma min... algo escuros, mouros, que falaban entre eles", p. 185), a indiferenza dos rapaces da súa idade ("é como se non estivésemos, como se non existísemos, como se se tratase dunhas pantasmas invisibles que nin molestan, nin fan

dano tampouco... pero están alí na escuridade ignoradas...", p. 193), a compaixón e a clandestinidade ("Canta dor me producen as miradas de compaixón que na rúa nos perseguen cando case ocultos camiñamos", p. 193). Estas actitudes provocan moito sufrimento en Nadia, facéndoa sentir que están "nun mundo que non nos atura, no que somos intrusos, no que nos desprezan" (p. 199), especialmente entre os compañeiros de colexio, que mentres se afanan por reunir obxectos e alimentos para unha campaña humanitaria, son incapaces de tratalos con cariño, por iso pensa: "Co pouco traballo que lles daría amosar un pequeno sorriso para o Naír e mais para min, unha frase amable, un xesto de amizade, mais iso non o fan...!" (p. 202).

